COPG

COLEXIO OFICIAL
DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

# MEMORIA 2021



## MÁIS CERCA

COPG
COLEXIO OFICIAL
DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

# MEMORIA DE ACTIVIDADES 2021

## MÁIS CERCA

# EDITORIAL

Tes ante ti o percorrido pola actividade do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia en 2021. Un ano no que tratamos de ir construíndo unha nova normalidade, pero que continuou marcado pola emerxencia sanitaria da COVID-19.

A pandemia tivo un impacto innegable na saúde mental e no benestar psicolóxico das persoas. É algo que nos preocupa como profesionais da psicoloxía, así que nos sentimos nunha responsabilidade aínda maior de poñer na palestra a importancia de garantir a accesibilidade da atención psicolóxica para as persoas. Por iso, expresamos ese desexo no noso lema, para que nos levase máis próximos dese dereito e tamén como a vontade de facilitar o achegamento do Colexio ás psicólogas e psicólogos que o formades.

Este ano deixounos entre outras moitas aprendizaxes, unha toma de conciencia sobre a importancia do coidado da saúde mental. Fronte as adversidades vividas, reivindicamos unha sociedade máis xustas, na que se atendan as desigualdades, comezando por garantir o acceso á atención psicolóxica de quen o precise, xa sexa no eido sanitario, no educativo, no social, no xurídico ou no organizacional.

Tras dous anos de pandemia, é tamén momento de poñer en valor a profesionalidade coa que actuou a psicoloxía galega, a vocación de servizo público e a solidariedade do noso colectivo, desde cada un dos seus ámbitos de intervención. Isto pon de manifesto a relevancia que ten a atención psicolóxica para a boa saúde e o benestar das persoas e das comunidades.

A psicoloxía galega continuou a demostrar o seu bo facer nun momento extraordinariamente complexo. Nesta memoria recóllese unha mostra da actividade desenvolvida desde o COPG, a través da súa Xunta de Goberno, Seccións, Comisións e Grupos, que continuaron dedicando unha parte importante da súa actividade para dar resposta ás novas necesidades que a pandemia nos puxo por diante. Sirvan estas palabras de acollida á Memoria Anual para recoñecer o grandísimo labor que tantos compañeiros e compañeiras desenvolvestes nestes tempo tan difícil.

# ÍNDICE


**1. Estado da colexiación** .......... 9

**2. Órganos de xestión** .......... 10

Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiadas .......... 10

Xunta de Goberno .......... 11

**3. Comisión Ética e Deontoloxía** .......... 12

**4. Comisión para a Defensa da Profesión** .......... 15

**5. Valedor/a das colexiadas e colexiados** .......... 17

**6. Seccións** .......... 18

Sección de Psicoloxía e Saúde .......... 18

Sección de Psicoloxía Educativa .......... 23

Sección de Psicoloxía Xurídica .......... 25

Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións .......... 27

Sección de Psicoloxía da Intervención Social .......... 29

**7. Comisións** .......... 31

Comisión Intersectorial de Mediación .......... 31

Comisión Intersectorial Feminista .......... 32

Comisión Intersectorial de Psicoloxía do Deporte .......... 34

Comisión de Cultura e Sociedade .......... 35

Comisión de Acreditación para o Exercicio de Actividades Sanitarias .......... 36

Comisións de Valoración Autonómicas das Acreditacións Profesionais do Consejo General de la Psicología .......... 36

Espazo Autocoidado .......... 38

**8. Grupos de Traballo .......... 42**

GIPCE. Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias .......... 42

Grupo de Trafico e Seguridade .......... 53

**9. Convenios de colaboración** .......... 55

Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero .......... 55

Programa “Abramos o Círculo” .......... 57

Programa Quenda de Garda Psicolóxica Especializada en Violencia de Xénero .......... 59

Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias .......... 61

Acordo marco de colaboración co Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) da Xunta de Galicia .......... 61

Convenio coa Fundación Educación, Deporte y Salud

(FEDYS) .... 62
Convenio coa Universidade de Santiago de Compostela .... 62
Convenio coa Universidade de Vigo .... 63
Convenio coa Fundación Meniños .... 63
Convenio coa Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE) .... 63
Convenio coa Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) .... 64
Convenio coa Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia .... 64
Convenio coa Confederación de Empresarios de Lugo .... 65
Convenio con Previsión Sanitaria Nacional (Grupo PSN) .... 65

**10. Servizo de Intervención en Psicoloxía Forense** .... 66

**11. Servizo de Mediación en Asuntos Civís e Mercantís** .... 67

**12. Beca Siota de Investigación en Psicoloxía** .... 68

**13. Eventos colexiais** .... 69

**14. Representación colexial nos Consellos da Administración** .... 76

**15. En representación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia** .... 77

**16. Relacións e colaboracións institucionais** .... 83

**17. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Consejo General de la Psicología de España** .... 87

**18. Publicacións** .... 92

**19. Medios de comunicación** .... 94

**20. Servizos colexiais** .... 95

**21. Balances económicos** .... 99

# 1. ESTADO DA COLEXIACIÓN A 31/12/2021

| **Altas** | **298** |
|---|---|
| Última promoción | 63 |
| Outras promocións | 135 |
| Reincorporacións | 69 |
| Traslados | 14 |
| Xubilación | 16 |
| Asociados/as | 1 |

| **Baixas** | **123** |
|---|---|
| Voluntarias | 91 |
| Por falta de pagamento de cotas | 4 |
| Traslados | 14 |
| Defunción | 3 |
| Xubilación | 11 |

| **Colexiados e colexiadas inscritos nas seccións profesionais do COPG** | |
|---|---|
| Sección de Psicoloxía e Saúde | 323 |
| Sección de Psicoloxía Educativa | 101 |
| Sección de Psicoloxía da Intervención Social | 118 |
| Sección de Psicoloxía Xurídica | 158 |
| Sección de Psicoloxía do Traballo e as Organizacións | 37 |

**Total de colexiados e colexiadas a 31-12-2021** **3.308**

# 2. ÓRGANOS DE XESTIÓN

## 2.1. ASEMBLEA XERAL DE COLEXIADAS E COLEXIADOS

A Asemblea Xeral de Colexiadas e Colexiados é o órgano supremo de decisión do Colexio, e está constituída por todos os colexiados e colexiadas.

Celebráronse as seguintes sesións:

- 30 de marzo. Sesión ordinaria.
- 14 de decembro. Sesión ordinaria.



Asemblea Xeral de Colexiadas e Colexiados

# 2.2. XUNTA DE GOBERNO

A Xunta de Goberno é o órgano executivo
e de representación do Colexio.

## REUNIÓNS

A partir desta data celebráronse un total de 10 Xuntas de Goberno ordinarias e 2 de carácter extraordinario para a dirección e xestión da actividade colexial:

- 26 de xaneiro. Sesión ordinaria.
- 23 de febreiro. Sesión ordinaria.
- 23 de marzo. Sesión ordinaria.
- 20 de abril. Sesión ordinaria.
- 25 de maio. Sesión ordinaria.
- 29 de xuño. Sesión ordinaria.
- 24 de agosto. Sesión extraordinaria.
- 7 de setembro. Sesión ordinaria.
- 19 de outubro. Sesión ordinaria.
- 16 de novembro. Sesión extraordinaria.
- 30 de novembro. Sesión ordinaria.
- 21 de decembro. Sesión ordinaria.

## COMPOSICIÓN DA XUNTA DE GOBERNO

**Mª Rosa Álvarez Prada**, *decana*

**Hipólito Puente Carracedo**, *vicedecano*
Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación /
Coordinador coa Sección de Psicoloxía Educativa /
TIC e Administración electrónica.

**Ana Isabel Martínez Arranz**, *secretaria*
Coordinadora co Grupo de Intervención Psicolóxica
en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE).

**Alejandra Isabel Fernández Rodríguez**, *vicesecretaria.*
Formación, Emprego e Desenvolvemento Profesional /
Coordinadora coa Comisión Intersectorial de Psicoloxía do Deporte.

**Miguel Ángel Chouza Ponte**, *tesoureiro*
Servizos Colexiais.

**Mª del Carmen González Pais**, *vogal.*
Coordinadora coa Comisión de Ética e Deontoloxía.

**Fátima López Rodríguez**, *vogal.*
Coordinadora da Comisión Intersectorial Feminista.

**Eva Muíño Gómez**, *vogal.*
Coordinadora do Grupo de Tráfico e da Seguridade

**José Manuel Oreiro Blanco**, *vogal.*
Publicacións / Coordinador coa Sección de Psicoloxía da Intervención Social.

**Marina Ortega Otero**, *vogal*.
Coordinadora coa Sección de Psicoloxía Xurídica.

**Socorro Rodríguez Holguín**, *vogal*.
Relacións académico-profesionais.

**Mª Concepción Rodríguez Pérez**, *vogal.*
Práctica privada / Coordinadora da Comisión de Cultura e Sociedade.

**Víctor Manuel Torrado Oubiña**, *vogal.*
Coordinador da Comisión para a Defensa da Profesión e
a Prevención do Intrusismo / Coordinador coa Sección de Psicoloxía e Saúde.

# 3. COMISIÓN DE ÉTICA E DEONTOLOXÍA

## REUNIÓNS

Celebráronse un total de oito reunións.

- 12 de febreiro. Sesión ordinaria.
- 16 de abril. Sesión ordinaria.
- 21 de maio. Sesión ordinaria.
- 9 de xullo. Sesión ordinaria.
- 1 de setembro. Sesión ordinaria.
- 11 de setembro. Sesión extraordinaria.
- 5 de novembro. Sesión ordinaria.
- 27 de decembro. Sesión ordinaria

- Nestas xuntanzas contouse coa presenza de Cecilia Barros Díaz, asesora xurídica do COPG, quen asesorou permanentemente en asuntos de carácter legal.

A Comisión de Ética e Deontoloxía está formada por un presidente, unha secretaria e tres vogais, coas atribucións propias dos seus cargos, e que son nomeados pola Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiadas do COPG a proposta da Xunta de Goberno.

Son fins desta Comisión, entre outros, promover comportamentos éticos no exercicio da profesión e desenvolver o Código Deontolóxico do/a Psicólogo/a.

Para desenvolver tales funcións, a Comisión de Ética e Deontoloxía dispón de total independencia, facultades e competencias plenas no desenvolvemento das súas funcións.

## COMPOSICIÓN DA COMISIÓN

Luis Carlos Álvarez García, *presidente*
Marta Rivas Rodríguez, *secretaria*

Susana Blanco Fernández
Mª Pilar Millán Cerqueiro
Katia Rolán González
*Vogais*

Mª del Carmen González Pais
*Coordinación coa Xunta de Goberno*



A Comisión de Ética e Deontoloxía

## ACTIVIDADES

Como xa é coñecido, a actividade desta Comisión vira principalmente ao redor de tres áreas específicas:

- Tramitación e instrución de queixas/denuncias que calquera cidadán pode facer en relación coa actividade de calquera profesional da psicoloxía que estea colexiado/a.
- Respostas a consultas que ante dúbidas ou dilemas se poden dar no exercicio da profesión da psicoloxía.
- Activade docente e pedagóxica con respecto á ética e á deontoloxía da nosa profesión.

Quedaban 5 expedientes pendentes do ano 2020, que foron resoltos pola Xunta de Goberno do COPG que interpuxo sanción por falta grave en 4 dos expedientes e 1 expediente foi resolto co arquivo do mesmo.

Quedaban 3 expedientes pendentes do ano 2018, que foron resoltos do seguinte xeito:

- 1 expediente en contencioso administrativo.
- 1 expediente en suspensión por recurso contencioso administrativo.
- 1 expediente en suspensión por procedemento xudicial.

Durante o ano 2021 abríronse 20 expedientes e a súa situación é a que segue:

- 8 expedientes foron resoltos pola Xunta de Goberno do COPG.
- 4 expedientes foron proposta de resolución á Xunta de Goberno do COPG.
- 2 expedientes en tramitación.

| **Total expedientes** | |
|---|---|
| Expedientes pendentes (2018) | 3 |
| Expedientes pendentes (2020) | 5 |
| Expedientes novos (2021) | 20 |
| **Total** | **28** |

| **Estado dos expedientes** | |
|---|---|
| Expedientes resoltos | 14 |
| Expedientes en suspensión | 3 |
| Expedientes pendentes admisión a trámite | 8 |
| Expedientes pendentes de resolución | 4 |

| **Tramitación de expedientes** | |
|---|---|
| Expedientes admitidos a trámite | 12 (48 %) |
| Expedientes non admitidos a trámite | 7 (28 %) |
| Expedientes pendentes de decisión a trámite | 6 (24 %) |

| **Artigos do Código Deontolóxico da Psicoloxía con proposta de sanción:** |
|---|
| Art. 12 en 1 expediente |
| Art. 15 en 2 expedientes |
| Art. 25 en 2 expedientes |
| Art. 29 en 2 expediente |
| Art. 40 en 1 expediente |
| Art. 42 en 2 expedientes |
| Art. 48 en 6 expedientes |

**b) Servizo de consultas:**

Servizo ao cal poden dirixirse consultas para propoñer dúbidas sobre cuestións éticas e deontoloxía do exercicio da profesión. Durante este ano recibíronse 35 consultas e, a data 31 de decembro, estaban todas contestadas.

O maior número das consultas, un 45%, estaban referidas a dúbidas con respecto ao consentimento parental e o resto sobre a imparcialidade e competencia profesional e deberes profesionais.

**c) Comisión Electoral:**

A Comisión de Ética e Deontoloxía constituíse como Comisión Electoral para o proceso electoral da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Educativa e da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía e Saúde.

**d) Colaboración na Circular Informativa do COPG:**

A Comisión este ano presentou tres colaboracións. As temáticas abordadas foron:

- Ética e publicidade: Aspectos deontolóxicos na publicitación de servizos en psicoloxía.
- Sabías que...?
- Sobre a actuación dos/as profesionais da psicoloxía tras a modificación do Artigo 156 do Código Civil polo pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

**e) Actividades de formación:**

- Impartiuse do módulo "Ética e Deontoloxía" para o alumnado do Practicum de 4º curso de Grao de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (USC) no marco dun convenio asinado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Facultade de Psicoloxía da USC. A actividade desenvolveuse durante os meses de setembro e outubro, en modalidade presencial e contou cun total de 20 horas lectivas.
- Participación na actividade do COPG "Falamos, ciclo de experiencias compartidas" o 4 de novembro coa presentación "Dúbidas éticas habituais na práctica da psicoloxía".
- Participación no programa "Limiar" para novos/as colexiados/as nas súas edicións do 23 de xaneiro e 17 de xuño coa presentación "Aspectos éticos e legais da práctica psicolóxica".

**f)** Elaboración póster e díptico informativo sobre os artigos e aspectos deontolóxicos máis relevantes no noso traballo diario.

**g)** Participación na reunión dos presidentes das Comisións Deontolóxicas dos distintos colexios de psicoloxía, convocada polo Consejo General de la Psicología o 16 de outubro de 2021.



Póster informativo CED

# 4. COMISIÓN PARA A DEFENSA DA PROFESIÓN

A creación da Comisión para a Defensa da Profesión foi aprobada na Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia o 10 de marzo de 2015.

Entre os obxectivos da Comisión figuran os de fomentar e potenciar o recoñecemento da psicoloxía como profesión necesaria na sociedade, así como apoiar o emprendemento de accións legais contra o intrusismo das pseudoterapias, así como dos e das profesionais que exercen sen a colexiación obrigatoria.

## REUNIÓNS

Celebráronse nas seguintes datas:

- 6 de maio
- 1 de xullo
- 22 de novembro

## COMPOSICIÓN DA COMISIÓN

Víctor Manuel Torrado Oubiña, *coordinador ata o 30 de novembro*
Alejandra Isabel Fernández Rodríguez, *coordinadora desde o 30 de novembro*

José Manuel Pazos Riveiro
Tania Rodríguez Canitrot
Francisco Javier Sardiña Agra
Mª Concepción Prado Álvarez, *ata o 1 de xullo*
Jésica Rodríguez Czaplicki, *desde o 30 de novembro*
Víctor Manuel Torrado Oubiña, *desde o 30 de novembro*
*Vogais*

## ACTIVIDADES

**a)** Ao longo do ano 2021 recibíronse na Secretaría do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia un total de 16 novas queixas que foron abordadas pola Comisión para a Defensa da Profesión do COPG.

O expedientes tratados ao longo do ano 2021 pódense agrupar pola súa natureza do seguinte xeito:

- Profesionais doutros ámbitos que anuncian ou ofertan intervención ou tratamentos presuntamente psicolóxicos (8 casos).
- Formación conflitiva por colidir ou invadir competencias do/a profesional da psicoloxía (4 casos).
- Persoa que se anuncia como psicólogo/a sen posuír a titulación requirida (2 casos).
- Outros (2 casos).

O tipo de xestión máis frecuente levada a cabo pola Comisión en relación aos expedientes mencionados son as dilixencias informativas referidas ás normas legais e colexiais vixentes sobre publicidade sanitaria, colexiación e intrusismo ante profesionais ou institucións públicas e privadas, denunciadas. Nestas dilixencias requíreselle que eliminen, corrixan ou emenden as irregularidades ou vulneracións que poidan terse producido e que foran o orixe da queixa. Así mesmo, emprega argumentos ou consideracións razoadas que a Comisión considera pertinentes na súa defensa da profesión cunha orientación pedagóxica

Tamén traslada as queixas a outros Colexios de Psicoloxía do estado ou ao Consejo General de la Psicología, ou a organizacións doutros países, segundo proceda. Por último, denuncia ante á administración galega aquelas queixas cuxos implicados amosen falta de colaboración coa Comisión e un potencial prexuízo grave ou reiterado.

# 5. VALEDOR/A DAS COLEXIADAS E COLEXIADOS

A figura do valedor/a das colexiadas e colexiados vén especificada nos Estatutos do Colexio de Psicoloxía de Galicia, concretamente no Capítulo XI, como a persoa que defende os dereitos e intereses de todos os colexiados e colexiadas perante os demais órganos colexiais exceptuando a Comisión de Ética e Deontoloxía.

Valedor das colexiadas e colexiados: **Antonio González Fernández.**

Ao longo do presente ano non foi reclamada a actuación do valedor.



Antonio González Fernández

# 6. SECCIÓNS

Para o mellor cumprimento dos fins colexiais nos distintos ámbitos de intervención psicolóxica, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia dispón de cinco seccións profesionais que agrupan a todos aqueles colexiados e colexiadas que conforman un ámbito disciplinario de especialidade profesional cunha identidade definida e recoñecida.

## 6.1. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA E SAÚDE

### REUNIÓNS

Celebráronse nas seguintes datas:

- 20 de xaneiro
- 24 de marzo
- 12 de maio
- 29 de setembro
- 3 de novembro
- 19 de novembro (asemblea de socias e socios)

### COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA ATA O 3 DE DECEMBRO

José Eduardo Rodríguez Otero
*Presidente*

Alicia Carballal Fernández
*Vicepresidenta*

Carlos José Losada López
*Secretario*

Mercedes Fernández Cabana
*Tesoureira*

Eduardo Martínez Lamosa
Almudena Campos González
María Villarino González
Xacobe Abel Fernández García
*Vogais*

### COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA DESDE O 3 DE DECEMBRO

Xacobe Abel Fernández García
*Presidente*

Paula Marcos Carregal
*Vicepresidenta*

María Villarino González
*Secretaria*

Eduardo Martínez Lamosa
*Tesoureiro*

José Eduardo Rodríguez Otero
Almudena Campos González
Alicia Carballal Fernández
Carlos José Losada López
*Vogais*





Curso "Menores en situación de transexualidade: unha mirada sexolóxica"

## ACTIVIDADES

### a) Formación

- Curso "Menores en situación de transexualidade: unha mirada sexolóxica".
  Datas: 1 e 2 de outubro.
  Lugar: Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.
  Coordinador: Xacobe Abel Fernández García.
  Docente: Penélope Alonso Vázquez. Psicóloga colexiada G-3277. Sexóloga do centro Quérote+ de Vigo. Experta en "sexoloxía e educaciónsexual" e en "sexoloxía e asesoramento sexual". Máster en Sexoloxía. Diploma de estudios avanzados:"Sexualidade e perimenopausia".
- Curso "Aplicación do Protocolo Unificado para o tratamento transdiagnóstico dos trastornos emocionais: visión teórica e práctica clínica".
  Datas: 8 e 9 de outubro.
  Lugar: Modalidade online.
  Coordinadores: José Eduardo Rodríguez Otero e Víctor Manuel Torrado Oubiña.
  Docente Jorge Javier Osma López. Profesor titular de Psicopatoloxía na Universidade de Zaragoza. Foi certificado como adestrador e investigador en Protocolo Unificado no Unified Protocol Institute (USA), dirixido polo doutor Todd J. Farchione, e forma parte do grupo de supervisores en lingua española deste instituto.

- Curso “Aproximación á discapacidade intelectual ou do desenvolvemento”
  Datas: 15 e 16 de outubro.
  Lugar: Modalidade online.
  Coordinador: Eduardo Martínez Lamosa.
  Docentes: Rebeca Sevilla Muñiz.Licenciada en Psicoloxía e máster en asesoramento e orientación familiar pola Universidade de Santiago de Compostela, posgrao en enfermidade mental e alteracións da conduta en discapacidade intelectual; Pilar Villaverde Souto, Diplomada en Educación Social e licenciada en Psicopedagoxía pola Universidade de Santiago de Compostela. Desde 2009, traballa na Federación Galega de Asociacións en Favor das Persoas con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento (FADEMGA); e Carmen Márquez López, Licenciada en Psicoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela e Máster en Consultoría e Xestión de Procesos de Desenvolvemento Organizacional pola Universidade de Valladolid. Cofundadora e Directora Técnica da área Infanto-Xuvenil de Autismo BATA.
- Mesa redonda “Trauma e saúde mental desde a óptica EMDR”.
  Data: 22 de outubro.
  Lugar: Modalidade online.
  Coordinación: Grupo de Traballo “Trauma e EMDR”.
  Docentes: José Eduardo Rodríguez Otero, Psicólogo clínico con experiencia en consulta ambulatoria e en rehabilitación de persoas con trastornomental grave e na actualidade traballa na Unidade de Prevención do Suicidio da área Sanitaria de Vigo; Miguel Ángel Santez, licenciado en Psicoloxía (Premio fin de carreira), Doutor en Psicoloxía (Premio extraordinario de doutoramento) e Psicólogo Especialista en Psicoloxía Clínica. Exerce a súa docencia de grao e posgrao na Facultade de Psicoloxía da Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED / UNED), Madrid; Walter Lupo, licenciado en Psicoloxía na UNR (Arxentina) e especialista en Psicoloxía Clínica. Clínico e consultor EMDR. Traballou en diferentes centros e hospitais de saúde pública e privada en Barcelona e Granollers. Profesor do Máster de EMDR da UNED / UNED e titor do Practicum de Psicoloxía da Universidade de Barcelona.



### b) Xornadas da Sección

- XXVI Xornadas da Sección de Psicoloxía e Saúde “Trastorno mental grave: Escoitando necesidades, defendendo dereitos, propoñendo recursos”.
  Datas: 18, 19 e 20 de novembro de 2021.
  Modalidade mixta (Presencial e telemática)

  **Comité Organizador:**
  Alba Fernández Revaldería, *presidenta*
  Delia Guitián Rodríguez, *vogal*
  Alejandra Pillado Pérez, *vogal*

  **Comité Científico:**
  María Jesús Vázquez Carreira, *presidenta*
  Raquel Lagares Rodríguez, *vogal*
  Sonia Guerra Álvarez, *vogal*




XXVI Xornadas da Sección de Psicoloxía e Saúde




Anuario Psicoloxía e Saúde nº 14 "CRISE"

**c) Anuario de Psicoloxía e Saúde**

O Consello de Redacción está composto por:
Mª Gabriela Domínguez Martínez, *directora*
Noelia Pita Fernández
Paula Rodríguez Vázquez
Laura Sotelo Estévez
Cristina Veira Ramos
Aislinn García Hermo
Samuel Villar Costas

**Anuario Psicoloxía e Saúde número 14 "CRISE".**
Edición en formato dixital, presentado nas XXVI Xornadas da Sección de Psicoloxía e Saúde.

**d) Grupos de Traballo**

- **Grupo de Traballo dos Titores e Titoras dos/as Especialistas en Formación en Psicoloxía Clínica (PIR):**

  As persoas integrantes deste grupo son:

  Luis Carlos Álvarez García (Santiago, coordinador) / Manuel Castro Bouzas (Ferrol) / Miguel Anxo García Álvarez (Santiago) / Gonzalo Martínez Sande (A Coruña) / Francisco Javier Sardiña Agra (A Coruña)/ Delia Guitián Rodríguez (Lugo) /José Javier González Hermida (Ourense) / Yolanda Castro Casanova (Ourense) / Jacinto Casas Araújo (Pontevedra) / Rafael Fernández Martínez (Vigo) / Mª José Veiga Candán (Vigo).

- **Grupo de Traballo de Neuropsicoloxía:**

  Pendente de que alguén amose interese na súa reapertura.

- **Grupo de Traballo de Atención Primaria:**

  A este grupo sumáronse as psicólogas e psicólogos clínicos nos proxectos piloto do SERGAS en Atención Primaria. As persoas integrantes deste grupo son:

  Alicia Carballal Fernández (coordinadora) / María José Carreira Vidal / Paula Cid Gutiérrez / Santiago Lago Canzobre / Carlos José Losada López / Cristina Alonso Vilar / Casilda Mariana Oujo Fernández / Luis Rodríguez Recarey / Patricia Vázquez Batán / Lidia Sánchez Edreira.

- **Grupo de Traballo para o Tratamento de Trastornos Mentais Severos:**

  As persoas integrantes deste grupo son:

  Luis Carlos Álvarez Garcia (coordinador) / Noemí Adan Zúñiga / Yolanda Castro Casanova / Almudena Campos González / Manuel Castro Bouzas / Alba Fernández Revaldería / Mª Soledad Filgueira Bouza / Adalberto Iglesias Doval / Carlos José Losada López / Inmaculada Sangiao Novio / Mª Jesús Vázquez Carreira / José Ignacio Vázquez Rodríguez/ Sara Cabezudo Fernández.

- **Grupo de Traballo do Observatorio Post-catástrofes:**

  As persoas integrantes deste grupo son:

  Cristina Prieto Fernández (coordinadora) / Alicia Carballal Fernández / Alejandra Rey Pousada / Xiana Campos Mouriño / Carolina Sanmartino Arias / Andrea Navarro Marcos.

- **Grupo de Traballo de Psicoloxía Perinatal:**
  As persoas integrantes deste grupo son:
  Iria Carnoto Figal (coordinadora) / Andrea Rodríguez Freire / Natalia Guedella Sebastián / Cristina Fariñas Lema.
- **Grupo de Traballo de Trauma e EMDR:**
  As persoas integrantes deste grupo son:
  Mª Jesús Taboada Costas (coordinadora) / Isabel Varela Sánchez-Caballero / Mar Rodríguez Martínez / Belén Peña Pintané / Soledad Ozores Dopereiro / Rebeca Lago Moreira.
- **Grupo de Traballo de Intervisión:**
  Constituído o 24 de marzo de 2021.
  As persoas integrantes deste grupo son:
  Natalia Seijo Ameneiros (coordinadora) / Alba Tamara López Vellón / Yoana Fernández Moreno / Carmen Corina Rodas Verdes / Ángela María Piñeiro Cotelo.
- **Grupo de Traballo de Trastornos Adictivos:**
  Constituído o 29 de setembro de 2021.
  As persoas integrantes deste grupo son:
  María Carou López (coordinadora) / Mª Concepción Abad Alastruey / Jesús Cancelo Martínez / Mª Carmen Guimeráns Freijeiro / Gerardo Sabio Fernández / Lourdes Suárez Fernández / María Villarino González.

**e)** Achega de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de INFOCOP e da páxina web.

**f)** Participación nas Comisións Intersectoriais de Mediación (Noemí Silva Álvarez), Feminista (Mercedes Fernández Cabana) e Psicoloxía e Deporte (Delfina Vicente Santiago).

**g)** Participación na Comisión de avaliación de expedientes para a acreditación para o exercicio de actividades sanitarias. Asisten ás reunións José Eduardo Rodríguez Otero e Alicia Carballal Fernández.

**h)** Participación en representación do COPG en diferentes artigos de medios de comunicación.

**i)** Participación no Consello de Redacción de *Cadernos de Psicoloxía*. Carolina Sanmartino Arias.

**j)** Asistencia ás actividades celebradas desde a plataforma de SOS Sanidade Pública. Asiste Eduardo Martínez Lamosa.

**k)** Asistencia a reunións coa Xefa de Servizo de Saúde Mental do SERGAS polo Plan de Saúde Mental de Galicia POSCOVID-19, período 2020-2024. José Eduardo Rodríguez Otero.

**l)** Asistencia de José Eduardo Rodríguez Otero a reunións cos representantes de Fundación Salma, interesada en promover unha lei de saúde mental para Galicia.

**m)** Elaboración de respostas ás consultas recibidas no COPG sobre a área de psicoloxía e saúde.

**n)** Presentación de alegacións ao Proxecto de Lei de Atención Primaria en Galicia.

**o)** Alegacións ao Proxecto de Lei Decreto de ordenación do sistema de formación sanitaria especializada na Comunicade Autónoma de Galicia.

# 6.2. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA EDUCATIVA

## REUNIÓNS

Celebráronse nas seguintes datas:

- 18 de xaneiro
- 8 de febreiro
- 15 de marzo
- 12 de abril
- 24 de maio
- 15 de xuño
- 8 de setembro
- 4 de outubro
- 18 de novembro (Asemblea de socios e socias)

## COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

Manuela del Palacio García
*Presidenta*

Ana Mª Ulloa Lage
*Vicepresidenta*

Mª Asunción Teijeira Bautista
*Secretaria*

Mª Begoña Castro Iglesias
*Tesoureira*

Nuria Lago Fernández
Concepción López Martín
Purificación Alberte Iglesias (Ata o 22 de xuño)
Carolina Tinajero Vacas (Desde o 22 de xuño)
*Vogais*

## ACTIVIDADES

### a) Formación

- Xornada formativa “A diversidade sexual na adolescencia de hoxe”.
  Data: 24 de abril.
  Lugar: Modalidade online.
  Coordinadoras: Manuela del Palacio García e Ana Mª Ulloa Lage.
  Relatoras: María Lameiras Fernández, licenciada e doutora en psicoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela e catedrática da Universidade de Vigo na área de personalidade, avaliación e tratamentos psicolóxicos na especialidade de estudos de xénero e sexualidade; e María Luisa Abad Abad, licenciada en pedagoxía pola Universidade de Barcelona e mestra en educación infantil e primaria.
- Obradoiro “Potenciando os nosos recursos desde a Psicoloxía Educativa”.
  Data: 18 de setembro.
  Lugar: Modalidade online.
  Coordinadora: Concepción López Martín.
  Relatora: Marta Herrero de Vega, doutora en psicoloxía, terapeuta familiar e supervisora en terapia familiar acreditada pola FEATF.

### b) Documentación elaborada

– Comunicado sobre as bolsas do Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, co asesoramento de Cecilia Barros Díaz, asesora xurídica do COPG.

- Reivindicación da necesidade de profesionais con especialización en psicoloxía educativa nos centros educativos, presentado na Consellería Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia.
- O 2 de maio, co gallo da celebración do Día contra o Acoso Escolar, publicouse na web do COPG o documento "As boas prácticas de convivencia escolar reducen o acoso nos centros educativos", facendo constar unha vez máis que a psicoloxía educativa é clave na loita contra o acoso escolar.
- A petición da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, a presidenta da Sección, Manuela del Palacio García xunto con Hipólito Puente Carracedo, vicedecano do COPG e Olegaria Mosqueda Bueno, psicóloga socia da Sección, contestaron a un escrito sobre como implementar o Programa de Benestar Emocional nos centros educativos.
- Elaboración das respostas ás consultas recibidas no COPG sobre Psicoloxía Educativa e posicionamentos da Sección.

**c)** Outros: investigación e innovación.

- Desde a Fundación Española para a Promoción e o Desenvolvemento da Psicoloxía Científica e Profesional (PSICOFUNDACIÓN), en coordinación co Consejo General de la Psicología, universidades españolas e as consellerías de educación de diferentes comunidades, vaise realizar un proxecto científico que ten por título *"Prevención de los problemas emocionales en el contexto educativo: eficacia del Protocolo Unificado para el Tratamiento Transdiagnóstico para adolescentes" (PsiCE)*. Estudo a nivel internacional e pioneiro en España e que persegue previr os problemas emocionais (ansiedade, depresión...) nos contextos educativos, mellorando o axuste socioemocional e escolar da nosa mocidade. Esta proposta de investigación está coordinada en Galicia polo vicedecano do COPG, Hipólito Puente Carracedo, e colaboran psicólogos/as educativos/as como Olegaria Mosqueda Bueno, Juan Manuel Daponte Codina, Alfredo Fornos Pérez e M. Carmen Lorenzo Vila.
- O Departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación da Universidade de Santiago de Compostela solicitou avalar desde a Sección de Psicoloxía Educativa do COPG o Proxecto de Xeración do Coñecemento 2021 que presentan ante o Ministerio de Ciencia e Innovación. Contan co apoio e colaboración por parte da Sección.

**d)** Participación nas Comisións Intersectoriais de Mediación, Deporte e Feminista.

**e)** Participación no Consello de Redacción de *Cadernos de Psicoloxía*.

**f)** Achega de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de INFOCOP e da páxina web.

**g)** Participación en representación do COPG en diferentes artigos de medios de comunicación.

# 6.3. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA XURÍDICA

## REUNIÓNS

Celebráronse nas seguintes datas:

- 7 de maio
- 29 de novembro
- 20 de decembro (Asemblea de socios e socias)

## COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA ATA 25 DE SETEMBRO

María Dolores Seijo Martínez
*Presidenta*

M. Milagros Martínez García
*Vicepresidenta*

Concepción Fernández Martínez
*Secretaria*

Alba María Sousa Martínez
*Tesoureira*

Mª Filomena Garrido Blanco
Ricardo Fandiño Pascual
Lucía Monroy Fernández
Nuria González Lois
*Vogais*

## ACTIVIDADES

**a) Formación**

- Curso “Bases conceptuais e operativas do perfilado e da análise da conduta criminal”.
  Datas: 8, 15 e 22 de xaneiro.
  Coordinadoras: Mª Filomena Garrido Blanco e M. Milagros Martínez García.
  Docente: César San Juan Guillén, profesor de psicoloxía criminal e psicoloxía xurídica na Universidad do País Vasco e director do Centro Internacional de Investigación sobre a Delincuencia, a Marxinalidade e as Relacións Sociais.
- Obradoiro “Da violencia sexual ás drogas facilitadoras do asalto sexual: submisión química vs. vulnerabilidade química”.
  Datas: 26 de marzo e 9 de abril.
  Coordinador: Ricardo Fandiño Pascual.
  Relator: Manuel Isorna Folgar, doutor en Psicoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela. É profesor de intervención socioeducativa nas condutas adictivas da Universidade de Vigo na facultade de Ciencias da Educación e Traballo Social, así como profesor do Máster en Prevención de Condutas Adictivas da Universidad Internacional de Valencia.

- Obradoiro para profesionais na detección precoz dos problemas derivados do consumo de cannabis.

  Datas: 23 de xuño.

  Coordinador: Ricardo Fandiño Pascual.

  Relatores: Manuel Isorna Folgar, psicólogo profesor no Departamento de Análise e Intervención Psicoocioeducativa na Universidade de Vigo; Albert Batalla Casas, psiquiatra na Universidad de Utrecht (Países Bajos); Rafael Maldonado López, catedrático de farmacoloxía no Departamento de Ciencias Experiementais e da Saúde na Universitat Pompeu Fabra de Barcelona; e Gerardo López Menéndez, médico psiquiatra na Unidade de Conductas Adictivas no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.

**b) Grupo de Traballo sobre Psicoloxía Xurídica na Infancia e na Adolescencia**

Este grupo creouse o 7 de maio coa fin de elaborar unha guía de boas prácticas.

**Membros do Grupo de Traballo:**

Ricardo Fandiño Pascual, coordinador / Juan Luis Basanta Dopico / Karina Bacelar Pereira / María Jesús Rodríguez Rodríguez / Laura Redondo Gutiérrez / Tania Corrás Vázquez / Katia Rolán González / Esther Arias Martínez / Raquel Gallego González / Diego Núñez Arias / Bárbara González Amado.

Como resultado do Grupo de Traballo está en proceso de elaboración a **Guía "Psicoloxía xurídica na infancia e a adolescencia: Guía de boas prácticas profesionais"** en versión en galego e castelán.

Coordinador da guía: Ricardo Fandiño Pascual.

Autores/as: Juan Luis Basanta Dopico, Doutor en psicoloxía no Departamento de Dereito Público na Universidade de Vigo e psicólogo do Xulgado e Fiscalía de Menores de Ourense; Raquel Gallego González, Doutora en Psicoloxía e mediadora, Fundación Amigó e Universidad Internacional de Valencia; e Mª Jesús Rodríguez Rodríguez, Psicóloga do Equipo Técnico do Menor da Xunta de Galicia.

Colaboradores: Esther Arias Martínez, Karina Bacelar Pereira, Tania Corrás Vázquez, Bárbara González Amado, Diego Núñez Arias, Laura Redondo Gutiérrez e Katia Rolán González.

**c)** Participación nas Comisións Intersectoriais de Deporte, de Mediación e Feminista.

**d)** Participación no Consello de Redacción de *Cadernos de Psicoloxía*.

**e)** Achega de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de INFOCOP e da páxina web.

**f)** Elaboración dunha enquisa para os socios e socias da Sección para coñecer o interese formativo.

**g)** Participación coa comunicación "Principais áreas de interese dos profesionais da Psicoloxía Xurídica" no XIII Congreso (INTER)Nacional de Psicoloxía Xurídica e Forense celebrado en Vigo os días 28, 29 e 30 de outubro e no que o COPG participou como entidade colaboradora.

**h)** Participación en representación do COPG en diferentes artigos de medios de comunicación.

# 6.4. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

## REUNIÓNS

Celebráronse nas seguintes datas:

- 28 de febreiro
- 11 de novembro (extraordinaria)
- 2 de decembro
  (Asemblea de socios e socias)

## COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

Carlos Montes Piñeiro
*Presidente*

José Ortuño Vilurbina
*Vicepresidente*

Ana Mª Entenza Vidal
*Secretaria*

Antonio Esteban Fuertes Saavedra
*Tesoureiro*

José Luis Domínguez Rey
Julio González Morandeira
Sandra Iglesias Rodríguez
Paloma Muñoz Díaz-Castroverde
*Vogais*

## ACTIVIDADES

### a) Formación

- Sesión interactiva "O perfil profesional da Psicoloxía do Traballo e das Organizacións".
  Data: 15 de abril.
  Modalidade Online.
  Coordina: Carlos Montes Piñeiro.
  Relatora: Antía Blanco Espiñeira. HR Manager en Galchimia. Psicóloga. Máster en RRHH e formadora de empregabilidade.
- Curso online "A gamificación como novo recurso na práctica psicolóxica".
  Datas: Entre o 10 de maio e 10 de xuño.
  Modalidade online.
  Coordinador: Carlos Montes Piñeiro.
  Docente: Carlos Martínez Corral, licenciado en Psicoloxía e especializados en psicoloxía do traballo e das organizacións. Técnico superior en PRL, máster en gamificación e narrativa transmedia e experto universitario en psicoloxía do coaching e máster en psicoloxía do coaching.
- Webinar "Intelixencia emocional para unha vida saudable" en colaboración coa Confederación de Empresarios da Coruña (CEC).
  Data: 30 de setembro.
  Modalidade online.
  Relatores: Carlos Montes Piñeiro e Noelia Turnes Boquete, Departamento de Psicoloxía Social, Básica e Metodoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

- Webinar "Ansiedade no traballo. Que nervios!" en colaboración coa Confederación de Empresarios de Lugo (CEL).
  Data: 14 de outubro.
  Modalidade online.
  Coordinador: Carlos Montes Piñeiro.
  Relatora: Bárbara Gogénola García, coordinadora da Comisión de Psicoloxía do Traballo, Organizacións e RRHH do Colegio Oficial de Psicólogos del Principado de Asturias.
- Webinar "Prevención da fatiga mental no sector servizos" en colaboración coa Confederación de Empresarios da Coruña (CEC).
  Data: 16 de decembro.
  Modalidade online.
  Relator: José Ortuño Vilurbina, psicólogo do Traballo e das Organizacións, máster en Prevención de Riscos Laborais e máster en Recursos Humanos.
- Conferencias "(In)visibilizando: O valor de nomearnos".
  Data: 16 de decembro.
  Modalidade online.
  Coordinadores: Carlos Montes Piñeiro e Noelia Turnes Boquete.
  Relatora: María Martín Barranco, licenciada en Dereito e especialista en intervención social con enfoque de xénero e en linguaxe inclusiva; Daniela Paolieri, doutora en Psicoloxía Experimental e membro do Departamento de Psicoloxía Experimental da Universidad de Granada como investigadora e profesora desde o 2014; e Leire Gartzia Fernández, doutora en Psicoloxía Social e organizacional pola Universidad del País Vasco e a Rotterdam School of Management (Holanda).

**b)** Participación en distintos medios de comunicación con entrevistas no ámbito da psicoloxía do traballo e das organizacións.

**c)** Participación nas Comisións Intersectoriais de Deporte, de Mediación, Feminista, e de Transformación Dixital.

**d)** Participación no Consello de Redacción de *Cadernos de Psicoloxía*.

**e)** Achega de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de Infocop e da páxina web.

**f)** Mantemento da Plataforma Interactiva de Traballo de PTO.

**g)** Asesoramento á Xunta de Goberno do COPG para a creación dun servizo de orientación profesional para colexiadas e colexiados.

**h)** Participación na revisión do Regulamento de Réxime Interno da Comisión Intersectorial Feminista.

**i)** Participación na Beca Siota de Investigación en Psicoloxía coa revisión da memoria de seguimento da XI edición e no Comité Seleccionador da XII edición.

**j)** Asesoramento técnico para o desenvolvemento de procesos selectivos para a provisión de prazas de bombeiro e condutor-bombeiro no Concello de Vigo o 8 de febreiro.

**k)** Participación en representación do COPG en diferentes artigos de medios de comunicación.

# 6.5. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL

## REUNIÓNS

Celebráronse nas seguintes datas:

- 6 de febreiro
- 27 de marzo
- 19 de xuño
- 14 de setembro
- 30 de novembro
- 14 de novembro
  (Asemblea de socios e socias)

## COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

Mª Leonor Galiana Caballero
*Presidenta*

Susana Costas Durán
*Vicepresidenta*

Mª. Carmen Patiño García
*Secretaria*

Mª. Elena Seoane de la Fuente
*Tesoureira*

Mª Elena Bastos Expósito
Mª Consuelo Cajide Labandeira
Rocío Carballeira Martínez
Mª. Celeste Porto Gómez
*Vogais*

## GRUPO DE TRABALLO DE PSICÓLOGOS E PSICÓLOGAS DOS CIMs

O Grupo de Traballo de Psicólogos e Psicólogas dos CIM's está formado por profesionais da psicoloxía que teñen como principais obxectivos dar visibilidade profesional e social ao traballo levado a cabo polos CIM's, promover unha formación especializada para as e os profesionais dos mesmos, consensuar criterios de actuación e avaliación, mellorar estruturas e coordinación para unha abordaxe máis integral e elaborar unha guía de documentación común para a práctica.

## REUNIÓNS

O grupo de traballo reuniuse en 4 ocasións:

- 18 de xaneiro
- 22 de febreiro
- 10 de maio
- 28 de outubro

## COMPOSICIÓN

Susana Costas Durán, *coordinadora*
Cristina García Núñez
Beatriz Monroy Cardoso
Mª Jesús López Agra
Lidia Fazanes Estévez
Margarita de la Calle Bermejo
Mª Consuelo Cajide Labandeira
José Manuel Valdivia Moreno
Carolina Iglesias Vázquez (Ata o 28 de outubro)

## GRUPO DE TRABALLO DE PSICOLOXÍA DO ENVELLECEMENTO

### COMPOSICIÓN

Guadalupe Oroña Quintáns, *coordinadora*
María Lueiro Mendoza / Pedro Santamaría Gargamala
Arturo José Pereiro Rozas / Iria Gándara Patiño
Gemma Aneiros Pardo / Romina Mouriz Corbelle

**Reunión:**

O grupo de traballo reuniuse nunha ocasión: 27 de abril.

### ACTIVIDADES

**a) Formación:**

- Xornada "Tendendo pontes entre a teoría e a práctica".
  Data: 14 de abril.
  Modalidade: online.
  Coordinadora: Cristina Gómez Román.
  Relatora: Cristina Gómez Román, profesora axudante doutora no Departamento de Psicoloxía Social, Básica e Metodoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. Membro do Grupo de Investigación COSOYPA e do Instituto CRETUS.
- Xornadas profesionais especializadas "As historias alternativas en violencia de xénero. Prácticas útiles para a atención psicolóxica nos CIM".
  Datas: 16 e 30 de abril.
  Modalidade: online.
  Coordinadores: José Manuel Valdivia Moreno, Lidia Fazanes Estévez, Cristina García Núñez e Mª Jesús López Agra.
  Relatora: Montserrat Plaza i Aleu. Doutora en Psicoloxía Social, especializada en violencia machista, maternidade e crianza.
- Curso "Soidade en persoas maiores".
  Datas: 16 e 23 de outubro.
  Modalidade: online.
  Coordinadoras: María Lueiro Mendoza e Guadalupe Oroña Quintáns.
  Docente: Javier Yanguas, doutor en Psicoloxía pola Universidad Autónoma de Madrid, máster en neuropsicoloxía clínica pola Universidad de Barcelona, MBA pola Universidad Deusto, experto en métodos avanzados estatísticos pola UNED e experto en educación de adultos pola Universidad Pontificia de Salamanca.

**b)** Participación nas Comisións Intersectoriais de Deporte, de Mediación e Feminista.

**c)** Participación no Consello de Redacción de *Cadernos de Psicoloxía*.

**d)** Achega de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de Infocop e da páxina web.

**e)** Participación en representación do COPG en diferentes artigos de medios de comunicación.

# 7. COMISIÓNS

## 7.1. COMISIÓN INTERSECTORIAL DE MEDIACIÓN

A Comisión Intersectorial de Mediación está formada por unha persoa de cada unha das Seccións nomeada por cada unha destas.

A Comisión ten como obxectivo xeral dar a coñecer e impulsar a aplicación da mediación tanto entre as colexiadas e colexiados como nas institucións e na sociedade en xeral.

### COMPOSICIÓN

Hipólito Puente Carracedo
*Coordinador*

Noemí Silva Álvarez
*Sección de Psicoloxía e Saúde*

Ana Mª Ulloa Lage
*Sección de Psicoloxía Educativa*

Mª Elena Bastos Expósito
*Sección de Psicoloxía da Intervención Social*

Carlos Montes Piñeiro
*Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións*

Nuria González Lois
*Sección de Psicoloxía Xurídica*

Cristina Torrado Tarrío
*Grupo de Tráfico e da Seguridade*

**Reunión:**

- 14 de xuño

## 7.2. COMISIÓN INTERSECTORIAL FEMINISTA

Está composta por unha persoa de cada unha das seccións xunto coa coordinadora do Grupo de Traballo dos Centros de Información á Muller (CIM) e as persoas coordinadoras dos Programas de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero e Abramos o Círculo.

Esta Comisión ten como obxectivo principal contribuír á promoción da igualdade na nosa sociedade, enfatizando a visibilizacion da gravidade e o impacto das violencias machistas así como calquera forma de desigualdade por razón de sexo e/ou xénero; ser un órgano que vele, dende unha ollada transversal para que as actuacións que se levan a cabo dende as diferentes seccións, grupos, programas, etc. do COPG presten especial atención a perspectiva de xénero así como a práctica dunha psicoloxía baseada no coñecemento científico; e promocionar e impulsar a igualdade na nosa práctica profesional así como contribuír a que outras profesións incorporen esta perspectiva na súa práctica.

Por acordo da Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia con data 19 de outubro de 2021 a Comisión Intersectorial de Xénero muda o seu nome e pasa a denominarse Comisión Intersectorial Feminista.

### REUNIÓNS

Celebráronse nas seguintes datas:

- 19 de xaneiro
- 2 de febreiro
- 24 de febreiro
- 11 de maio
- 6 de xullo
- 9 de setembro
- 2 de novembro

### COMPOSICIÓN

Fátima López Rodríguez
*Coordinadora*

Concepción López Martín
*Sección de Psicoloxía Educativa*

Mercedes Fernández Cabana
*Sección de Psicoloxía e Saúde*

Carlos Montes Piñeiro
*Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións*

Concepción Fernández Martínez
*Sección de Psicoloxía Xurídica*

Mª Consuelo Cajide Labandeira
*Sección de Psicoloxía da Intervención Social*

Mª Luz Losada Somoza
*Coordinadora do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero*

Rubén Villar Trenco
*Coordinador do Programa Abramos o Círculo*

Cristina García Núñez
*Coordinadora Grupo de Traballo dos CIMs*

Andrea Rodríguez Freire
*Grupo de Traballo de Psicoloxía Perinatal*




“VoZes Contra a Violencia”

## ACTIVIDADES

**a) Vozes contra a Violencia**

En colaboración coa Comisión de Cultura do COPG, comenzando o día 25 de novembro, publicáronse ao longo dunha semana enmarcadas na actividade “VoZes Contra a Violencia”, obras de poetas e voces musicais que se sumaron a campaña do COPG na loita contra a violencia de xénero. Esta ano contouse coas voces de Uxía, Clara Pino, Pablo Vidal, Iolanda Aldrei, Rochi Novoa, Quico Valeiras e Alexandre Brea. As súas colaboracións foron publicadas a través das redes sociais.

**b)** Elaboración do Regulamento de Réxime Interno da Comisión Intersectorial Feminista.

**c)** Participación na campaña “En negro conta a violencia” para amosar o compromiso coa loita contra a violencia de xénero.

**d)** Observatorio de prensa en materia de xénero.

**e)** Elaboración de diversos comunicados.

**f)** Achega de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de Infocop e da páxina web.

**g)** Elaboración e actualización do protocolo de actuación ante noticias relacionadas coa violencia de xénero nos medios de comunicación. Mantivéronse varias reunións coa Asociación Xornalistas Galegas para traballar conxuntamente no protocolo de actuación.




Campaña “En negro contra a violencia”

## 7.3. COMISIÓN INTERSECTORIAL DE PSICOLOXÍA DO DEPORTE

### COMPOSICIÓN

Mª Dolores González Fernández
*Coordinadora*

Eva Mª García Quinteiro
Graciela Lois Río
Julio Manuel Prol Bao
Constantino Arce Fernández
José Antonio Barcia Tucelli
Delfina Vicente Santiago
*Sección de Psicoloxía e Saúde*

Purificación Alberte Iglesias (ata o 22 de xuño)
Carolina Tinajero Vacas (desde o 22 de xuño)
*Sección de Psicoloxía Educativa*

Antonio Esteban Fuertes Saavedra
*Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións*

María Celeste Porto Gómez
*Sección de Psicoloxía da Intervención Social*

Mª Dolores Seijo Martínez
*Sección de Psicoloxía Xurídica*

### REUNIÓN

- 24 de abril





Obradoiro interprofesional

### ACTIVIDADES

**a)** Obradoiro profesional do Colexio Oficial de Licenciados en Educación Fisica e en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Colexio Oficial de Dietistas e Nutricionistas de Galicia o 25 de setembro.

**b)** Asistencia á reunión da Comisión Coordinadora da División de Psicoloxía da Actividade Física e o Deporte (PACFD) do Consejo General de la Psicología o 1 de outubro e 17 de decembro.

**c)** Xuntanza da Comisión Galega de Control da Violencia en Santiago de Compostela o 28 de xaneiro e 20 de decembro.

**d)** Xuntanza co Colexio Oficial de Médicos da Coruña o 2 de febreiro.

**e)** Xuntanza co Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e Ciencias da Actividade Física e do Deporte de Galicia (COLEF Galicia) o 4 de novembro.

**f)** Achega de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de Infocop e da páxina web.

# 7.4. COMISIÓN DE CULTURA E SOCIEDADE

## COMPOSICIÓN

Concepción Rodríguez Pérez
*Coordinadora*

José Luis Domínguez Rey
José Manuel Oreiro Blanco

## ACTIVIDADES

**a) XIII Concurso Literario de Poesía e Narrativa do COPG Rosa de Cen Follas**

Mª Rosa Álvarez Prada, *decana do COPG*

Mª Concepción Rodríguez Pérez, *coordinadora da Comisión de Cultura e escritora*

Joel Gómez, *xornalista*

Iolanda Rodríguez Aldrei, *escritora*



Entrega premios do XIII Concurso Literario do COPG "Rosa de Cen Follas"

Presentáronse un total de 24 obras, das cales 11 foron na modalidade de narrativa e 13 na de poesía.

Na modalidade de poesía, o galardoado foi Miguel Ángel Alonso Fernández coa obra "Annie" e obtivo unha mención especial na mesma categoría Mónica González Devesa coa obra "Adeus Sar". Na modalidade de narrativa, o galardoado foi Alejandro Luis Vaghetti coa obra "A boa letra" e obtivo mención especial na mesma categoría Mª. Pilar Canosa Raña coa obra "Macutos e outras taleigas".

O 3 de decembro tivo lugar no marco da Gala da Psicoloxía Galega en Santiago de Compostela a entrega de premios.

**b) Vozes contra a Violencia**

En colaboración coa Comisión Intersectorial Feminista do COPG, comenzando o día 25 de novembro, publicáronse ao longo dunha semana enmarcadas na actividade "VoZes Contra a Violencia", obras de poetas e voces musicais que se sumaron a campaña do COPG na loita contra a violencia de xénero. Esta ano contouse coas voces de Uxía, Clara Pino, Pablo Vidal, Iolanda Aldrei, Rochi Novoa, Quico Valeirase Alexandre Brea. As súas colaboracións foron publicadas a través das redes sociais.




VoZes Contra a Violencia

c) Achega de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de Infocop e da páxina web.

## 7.5. COMISIÓN DE ACREDITACIÓN PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES SANITARIAS

Comisión creada pola Xunta de Goberno para atender a necesidade de valorar o currículo formativo consonte o regulado na disposición adicional sétima da Lei 33/2011, de 4 de outubro, de Saúde Pública pola que se mantén o procedemento transitorio previsto no número 2 da disposición adicional sexta da Lei 5/2011, de 29 de marzo, de Economía Social en relación ao exercicio de actividades sanitarias realizadas por titulados e tituladas universitarias de Licenciatura ou Grao en Psicoloxía.

### COMPOSICIÓN

Ana Isabel Martínez Arranz, *secretaria do COPG*

José Eduardo Rodríguez Otero, *presidente da Sección de Psicoloxía e Saúde*

Alicia Carballal Fernández, *vicepresidenta da Sección de Psicoloxía e Saúde*

### REUNIÓNS

Reuniuse en 4 ocasións en 2021. Resolvéronse 10 expedientes positivos e 4 negativo.

## 7.6. COMISIÓNS DE VALORACIÓN AUTONÓMICAS DAS ACREDITACIÓNS PROFESIONAIS DO CONSEJO GENERAL DE LA PSICOLOGÍA

- Comisión de Valoración do COPG para as solicitudes de **Acreditación Nacional de Psicólogo/a Experto/a en Psicoloxía de Emerxencias e Catástrofes:**
  **Composición:**
  Ana Isabel Martínez Arranz, *secretaria do COPG* / Ana Mª Núñez Rubines, *coordinadora do GIPCE* / Olegaria Mosqueda Bueno, *membro da Comisión Coordinadora do GIPCE* / Julita Mª Touriño Araújo, *membro da Comisión Coordinadora do GIPCE*
- Comisión de Valoración do COPG para as solicitudes de **Acreditación Nacional de Psicólogo/a Experto/a en Psicooncoloxía e/ou Psicoloxía en Coidados Paliativos:**

**Composición:**
Ana Isabel Martínez Arranz, *secretaria do COPG* /
Víctor Manuel Torrado Oubiña, *vogal da Xunta de Goberno do COPG e coordinador coa Sección de Psicoloxía e Saúde* / Xacobe Abel Fernández García, *presidente da Sección de Psicoloxía e Saúde* / Noelia Pita Fernández, *psicóloga clínica e socia da Sección de Psicoloxía e Saúde* / Sabela Maceda García, *psicóloga clínica e socia da Sección de Psicoloxía e Saúde* / Rebeca Deus Fernández, *psicóloga clínica e socia da Sección de Psicoloxía e Saúde*

- Comisión de Valoración do COPG para as solicitudes de **Acreditación Nacional de Psicólogo/a Experto/a en Psicoloxía do Deporte:**
  Composición:
  Ana Isabel Martínez Arranz, *secretaria do COPG* / Alejandra Isabel Fernández Rodríguez, *vicesecretaria do COPG e coordinadora coa Comisión de Psicoloxía do Deporte* / Mª Dolores González Fernández, *coordinadora da Comisión Intersectorial de Psicoloxía do Deporte* / Constantino Arce Fernández, *membro da Comisión Intersectorial de Psicoloxía do Deporte*
  **Reunións**
  Reuníronse o 12 de xaneiro. Valoráronse un total de 3 expedientes, informándose de xeito positivo.

- Comisión de Valoración do COPG para as solicitudes de **Acreditación Nacional de Psicólogo/a Experto/a en Psicoloxía Aeronáutica:**
  **Composición:**
  Ana Isabel Martínez Arranz, *secretaria do COPG* / Eva Muíño Gómez, *vogal da Xunta de Goberno do COPG e coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade* / Mª Jesús Sánchez Peteiro, *membro da Comisión Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade* / Carlos Gestal Gestal, *membro da Comisión Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade*

- Comisión de Valoración do COPG para as solicitudes de **Acreditación Nacional de Psicólogo/a Experto/a en Psicoloxía Educativa:**
  **Composición:**
  Ana Isabel Martínez Arranz, *secretaria do COPG*
  Hipólito Puente Carracedo, *vicedecano do COPG e coordinador coa Sección de Psicoloxía Educativa* / Manuela del Palacio García, *presidenta da Sección de Psicoloxía Educativa* / Ana Mª Ulloa Lage, *vicepresidenta da Sección de Psicoloxía Educativa* / Mª Asunción Teijeira Bautista, *secretaria da Sección de Psicoloxía Educativa* / Purificación Alberte Iglesias, *vogal da Sección de Psicoloxía Educativa*
  **Reunións**
  Reuníronse o 1 de xuño e valoráronse un total de 6 expedientes. Resolvéronse 4 expedientes positivos e 2 requiríronselle documentación adicional.

- Comisión de Valoración do COPG para as solicitudes de **Acreditación Nacional de Psicólogo/a Experto/a en Psicoloxía da Intervención Social:**
  **Composición:**
  Ana Isabel Martínez Arranz, *secretaria do COPG* / José Manuel Oreiro Blanco, *vogal da Xunta de Goberno do COPG e coordinador coa Sección de Psicoloxía da Intervención Social* / Mª Leonor Galiana Caballero, *presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social* / Mª Celeste Porto Gómez, *secretaria da Sección de Psicoloxía da Intervención Social*

- Comisión de Valoración do COPG para as solicitudes de **Acreditación Nacional de Psicólogo/a Experto/a en Psicoloxía do Tráfico e da Seguridade (a partir do 29 de xuño de 2021):**

**Composición:**
Ana Isabel Martínez Arranz, *secretaria do COPG* / Mª Jesús Sánchez Peteiro, *membro da Comisión Coordinadora do Grupo de Tráfico e da Seguridade* / Pilar Casal Devesa, *membro da Comisión Coordinadora do Grupo de Tráfico e da Seguridade* / María Mariño Barca, *membro da Comisión Coordinadora do Grupo de Tráfico e da Seguridade* / Rosa Mª Domínguez Cameán, *membro da Comisión Coordinadora do Grupo de Tráfico e da Seguridade*

## 7.7. ESPAZO AUTOCOIDADO

### REUNIÓNS

- 9 de xaneiro
- 16 de xaneiro
- 30 de xaneiro
- 6 de febreiro
- 23 de febreiro
- 5 de outubro
- 22 de novembro
- 29 de novembro

### ACTIVIDADES

**a) Espazo Autocoidado**

O Espazo de Autocoidado do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia ten como finalidade levar a cabo accións dirixidas a concienciar da importancia do autocoidado tanto na poboación xeral, como nas profesións de axuda, especialmente no colectivo da psicoloxía.

O grupo está coordinado por Fátima López Rodríguez, e compóñeno Sandra Izaguirre García, Lorena Nieto Iglesias, Mª Carmen González Hermo e Ana I. Martínez Arranz.

A intención do grupo é espertar e ancorar a conciencia do autocoidado e do coidado mutuo, desde a perspectiva da compaixón e da benevolencia, para recuperar o poder sanador do noso imperativo biolóxico (a conexión social e a interdependencia).

Os obxectivos do Espazo son:

– Comprometer co "coidado emocional" da comunidade na fase da emerxencia sanitaria.
– Sensibilizar e concienciar da perspectiva do autocoidado como algo necesario para facer fronte a situacións de tensión continuada e promocionar o benestar individual e comunitario.
– Propiciar accións de coidado que contribúan a incorporar na poboación un patrón de autocoidado san.
– Promover a autoxestión da saúde emocional entre as persoas.
– Devolver á comunidade o seu papel no coidado e apoio mutuo das persoas en situación de maior vulnerabilidade.

**2a) Web Espazo Autocoidado**

Creouse unha web de forma independente á do COPG coa intención de que toda ela, tamén o seu deseño, trasladase a intención do Espazo de Autocoidado.




Web do Espazo de Autocoidado do COPG

Está articulada coa seguinte información:

- Presentación.
- Plataforma de accións: calendario anual con diferentes propostas de accións.
- Banco de recursos: onde atopar diferentes tipos de recursos: Videoteca (sementes de autocoidado, vídeos para ACIS e outros vídeos de interese), guías de práctica de mindfulness (editadas polo COPG), carteis de autocoidado e audios para a práctica de mindfulness.
- Área de Mindfulness e Compaixón.
- Bibliografía.
- Contacto.

Esta web é compartida por institucións como o 112-AXEGA, ACIS (SERGAS), etc.

### 2a) Actividades

***Programa Mindfulness e Compaixón***

Coordinado por Ana Isabel Martínez Arranz e Sandra Izaguirre García, no ano 2021 celebráronse dúas edicións do Programa Mindfulness e Compaixón:

- A primeira edición celebrouse entre o 20 de febreiro e o 17 de abril. Nesta edición participaron como relatores Ana Isabel Martínez Arranz, Sandra Izaguirre García, Berta Fernández Méndez, Juan Carlos Permuy Bermúdez e Teresa Vilanova Villar.
- A segunda edición celebrouse entre o 30 de outubro e 18 de decembro. Participaron como relatores Ana Isabel Martínez Arranz, Sandra Izaguirre García, Berta Fernández Méndez, José María Freire Duro, Juan Carlos Permuy Bermúdez e Teresa Vilanova Villar.



Programa Mindfulness e Compaixón






Programa Sentarmos Xunt@s

### *Programa Sentarm@s Xuntos*

Coordinado por Ana Isabel Martínez Arranz e Sandra Izaguirre García e un espazo semanal de autocoidado para realizar unha práctica guiada de mindfulness. O programa estaba dirixido a todas as persoas interesadas. Ao longo do 2021 celebráronse dúas edicións:

– Do 4 de maio ao 21 de xuño.
– A segunda edición dou comezo o 19 de outubro de 2021 ao longo de todo o trimestre.




### *Programa de Adestramento no Cultivo da Compaixón*

Do 12 de maio ao 30 de xuño celebrouse o Programa de Adestramento no Cultivo da Compaixón.

Este curso, cunha duración de 8 sesións e dirixido a psicólogos e psicólogas colexiadas, deseñouse para cultivar a compaixón, a empatía, o amor, a resiliencia e o benestar a través do adestramento da compaixón. Tratouse dun encontro informal, discusións grupais, meditación e exercicios de reflexión. O adestramento integrou prácticas contemplativas tradicionais, psicoloxía contemporánea e investigación científica sobre a compaixón.

### *Sementes de autocoidado*

Editáronse unha serie de vídeos denominados "Sementes de autocoidado" cos que espertar unha conciencia de autocoidado, no que se comparten pautas para poñelo en práctica. É un recurso visual que trata de contribuír ao cultivo da práctica do autocoidado no noso día a día. Trátase dun total de 6 vídeos creados por diferentes profesionais da psicoloxía nos que se prestou atención a diferentes dimensións da persoa e o seu coidado.

### *Carteis*

Realizouse unha serie de carteis co nome "**Tomando consciencia do Autocoidado**" composto por 10 imaxes acompañadas dunha frase que animan a reflexionar e tomar conciencia sobre o autocoidado. Estes carteis están dispoñibles na páxina web do Espazo de autocoidado para poder descargarse e tamén se empregaron como imaxe do Espazo nas redes sociais.




Cartel do Espazo de Autocoidado




Sementes de autocoidado

*Participación no ciclo conferencias ACIS*

A Axencia en Coñecemento da Saúde (ACIS) da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia organizou un ciclo de conferencias dirixido aos e ás profesionais sanitarios co obxectivo de promover o seu coidado emocional e psicolóxico. Este ciclo incluíu catro conferencias do Espazo de Autocoidado, para o que se asinou un convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia e o COPG.

*Cuestionario*

A través das redes sociais lanzouse un cuestionario co nome “**Que é para ti o autocoidado e accións de autocoidado?**” para recoller unha visión sobre o autocoidado das persoas. Distribuíuse a máis de 2300 persoas, das que participaron activamente 85, explicando que é para elas o autocoidado e como se coidan.

### 3a) Sensibilización e visualización

- A Axencia Galega de Emerxencias (AXEGA) da Xunta de Galicia, a través das redes sociais do 112, fíxose eco do Espazo de Autocoidado e difundiu a través das súas redes sociais os carteis de autocoidado propoñendo “Ten en conta o autocoidado e o coidado mutuo”, como recurso necesario para o afrontamento da emerxencia COVID-19.
- Recibíronse varias solicitudes de centros escolares para poder acceder ao espazo e propoñer ao alumnado recursos de autocoidado.
- Desde a Axencia de Coñecemento en Saúde (ACIS) do SERGAS recibiuse unha solicitude de participación desde o Espazo de Autocoidado no Plan de Apoio e Atención ao Persoal de Sanidade. Asinouse a tal efecto un convenio de colaboración.
- Solicitouse o propoñer como boa práctica o programa de mindfulness de 8 semanas dento dun programa europeo de investigación “Proxecto Miriam” para mulleres migrantes libres de violencia de xénero.
- Propúxose o Espazo de Autocoidado e o seu banco de recursos dentro dun proxecto experimental chamado “Titoría na rede”, un espazo de liña de titorías para alumnado de primeiro e segundo de bacharelato.

# 8. GRUPOS DE TRABALLO

## 8.1. GIPCE. GRUPO DE INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS



Comisión coordinadora do GIPCE

### REUNIÓNS

Celebráronse nas seguintes datas:

- 11 de xaneiro
- 8 de febreiro
- 8 de marzo
- 5 de abril
- 3 de maio
- 14 de xuño
- 12 de xullo
- 6 de setembro
- 4 de outubro
- 8 de novembro
- 20 de decembro

### COMPOSICIÓN DA COMISIÓN COORDINADORA

Ana Mª Núñez Rubines
*Coordinadora*

Julita Mª Touriño Araújo
*Secretaria*

Mª Carmen González Hermo
*Área de formación e área de intervención*

Concepción López Martín
*Área de formación*

Lorena Nieto Iglesias
*Área de intervención*

Olegaria Mosqueda Bueno
*Área de documentación*




Curso de "Dó traumático en menores"

## ACTIVIDADES

### a) Formación

- Curso de "Dó traumático en menores".
  Data: 27 de febreiro.
  Coordinadora: Olegaria Mosqueda Bueno.
  Docente: Àngels Miret Rial, Psicopedagoga, mestra e formadora en procesos de dó e perda, con formación nestes ámbitos así como en crise e emerxencias.
- Curso "Introdución á psicoloxía de emerxencias"
  Data: 6 de marzo.
  Coordinadora: Mª Elsa Rodríguez Viña.
  Docente: Mª Elsa Rodríguez Viña, Psicóloga sanitaria acreditada como experta en Psicoloxía de Emerxencias e Catástrofes. Membro do GIPCE-112 e do Grupo de Gardas. Experta en mediación de conflitos. Membro da *Red Nacional de Psicologos para la Atención a las Vítctimas de Terrorismo del Ministerio del Interior.* Ampla experiencia en atención a vítimas de violencia de xénero.
- Curso "Introdución á psicoloxía de emerxencias"
  Data: 29 de maio.
  Coordinadora: Mª Leonor Galiana Caballero.
  Docente: Mª Leonor Galiana Caballero, Psicóloga escolar e infantil acreditada como experta en Psicoloxía de Emerxencias e Catástrofes. Membro do GIPCE-112 e do Grupo de Gardas. Máster en residencias e atención á terceira idade. Educadora e psicóloga en centros de menores. Presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG.
- Curso "Atención psicolóxica telefónica en crises suicidas".
  Data: 26 de xuño.
  Coordinadora: Lorena Nieto Iglesias.
  Docente: Pedro Martín-Barrajón Morán, Psicólogo sanitario e experto en emerxencias e catástrofes. Responsable da Área de Emerxencias da *Red Nacional de Psicólogos para la Prevenión del Suicidio* en Psicólogos Princesa 81 S.L.P.
- Curso "Intervención psicolóxica en emerxencias para centros educativos".
  Data: 30 de outubro.
  Coordinadora: Olegaria Mosqueda Bueno.
  Docente: Olegaria Mosqueda Bueno, Psicóloga educativa especialista en orientación e apoio psicoeducativo. Profesora externa no máster de necesidades específicas de apoio educativo e traballos de fin de máster na Universidade de Vigo. Membro do GIPCE desde 2004 e especialista en emerxencias e catástrofes.
- Curso "Identidade e valores GIPCE: Unha ollada ao autocoidado".
  Data: 6 de novembro.
  Coordinadora: Lorena Nieto Iglesias.
  Docentes: Lorena Nieto Iglesias, Hafdallah Menni e Mª Carmen González Hermo, membros do Grupo de Apio a Intervinientes (GAI) do GIPCE.

- Curso “Atención psicolóxica a persoas con diversidade funcional en emerxencias”.
  Data: 27 de novembro.
  Coordinadora: Mª Carmen González Hermo.
  Docente: Mª Carmen González Hermo, psicóloga acreditada para o exercicio de actividades sanitarias. Membro do GIPCE-112 e do Grupo de Gardas.
- Sesión “Falamos. Ciclo de experiencias compartidas do COPG. GIPCE 25 anos sostendo emocións nas emerxencias”.
  Data: 2 de decembro.
  Relatora: Mª Carmen González Hermo, psicóloga acreditada para o exercicio de actividades sanitarias. Membro do GIPCE-112 e do Grupo de Gardas.

### b) Intervencións

Durante 2021 realizáronse 23 intervencións, 18 directas e 5 que foron de asesoramento telefónico.

- **Centros ensino:**
  18 de xaneiro en Culleredo (A Coruña).
  15 e 21 de xuño en Carballo (A Coruña).
- **Accidentes de tráfico:**
  3 de xuño en Caldas de Reis (Pontevedra).
  10 de setembro en Xermade (Lugo).
  9 de outubro en Ponteareas (Pontevedra).
  11 de outubro en Melide (A Coruña).

  **Intervencións en accidentes:**
  11 de xaneiro en Vigo (Pontevedra).
  17 de xuño en África coa familia na Coruña.
  30 de xuño en Narón (A Coruña).
- **Intervencións en naufraxios:**
  18 de xuño en Porto do Son (A Coruña).
- **Suicidios:**
  17 de febreiro en Silleda (Pontevedra).
  23 de maio en Gondomar (Pontevedra).
  28 de xuño na Coruña.
  13 de xullo en Porto do Son (A Coruña).
  13 de agosto en Pazos de Borbén (Pontevedra).
  14 e 16 de outubro en Vedra (A Coruña).
- **Outras intervencións:**
  6 de marzo en Noia (A Coruña).
  25 de marzo en Becerreá (Lugo).
  3 de xullo en Silleda (Pontevedra).
  12 de xullo en Ourense.
  18 de xullo en Castrelo do Miño (Ourense).
  17 de outubro en Rianxo (A Coruña).



Simulacro no Aeroporto de Alvedro



Simulacro na AGASP




Simulacro polo PEE CEPSA - Maside

- **Simulacros:**
  - **Simulacro no Aeroporto de Alvedro.**

    O 5 de novembro celebrouse un simulacro dun accidente aéreo na aterraxe dunha aeronave no Aeroporto de Alvedro (A Coruña). Foi coordinado pola GIPCE Isabel Cabado Fidalgo e participaron como intervinientes as GIPCE - COPG Mª Silvia Pérez González e Ignacio Ares Rouco. Houbo unha reunión preparatoria do simulacro o 14 de outubro e unha reunión de avaliación e conclusións o 11 de novembro.
  - **Simulacro na AGASP.**

    O 16 de novembro celebrouse un simulacro dun accidente de autobús con múltiples vítimas na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP). Foi coordinado polas GIPCEs María Elsa Rodríguez Viña e Aurora Rozadilla Arias e participaron como intervinientes as GIPCE - COPG Paula Tobio Chapela e Ángela Mosquera Gavilán.
  - **Simulacro polo PEE CEPSA - Maside.**

    O 18 de novembro celebrouse un simulacro pola activación do Plan de Emerxencia Exterior de CEPSA Comercial Petroleo, S.A.U. Maside como consecuencia da explosión dunha nube de gas non confinada (UVCE) accidente de categoría 2. Foi coordinado polo GIPCE José Ramón García García e participaron como intervinientes as dúas GIPCE - COPG Sonia María González Fernández e Antonia Reboredo Guitián. Celebrouse unha reunión preparatoria o 15 de novembro.

**c) Alertas**

19 de marzo en Salceda de Caselas (Ourense).

2 de xullo en Oleiros (A Coruña).

17 de decembro en Ponteceso (A Coruña).

**d) Alertas por activación do PLATERGA**

11 de abril en Polígono de Ceao (Lugo).
8 de maio en O Boidón-Boiro (A Coruña).
22 de maio en Vilalba (Lugo).
15 de agosto en Barbadás (Ourense).
25 de agosto en Sarria (Lugo).
19 de novembro en Alvedro (A Coruña).

**e) Avisos 112**

6 de xaneiro en Vilagarcía de Arousa (Pontevedra).
15 de maio en Vigo (Pontevedra).
15 de xuño en Mazaricos (A Coruña).
11 de xullo en Bóveda (Lugo).
28 de agosto en Culleredo (A Coruña).
28 de agosto en Muros (A Coruña).
3 de outubro en Mondariz (Pontevedra).
23 de decembro en Vilalba (Lugo).

**f) Outras solicitudes de intervención**

17 de setembro na Coruña.
31 de outubro en Corcubión (A Coruña).

**g) Formación impartida**

Impartíronse as seguintes actividades formativas:

- Para profesionais sanitarios/as do SERGAS:

Proposto dentro do plan de formación continuada de ACIS para sanitarios celebrouse o **Curso de "Detección e intervención no trastorno de estrés post-traumático"** entre o 6 e o 19 de xuño. Tivo unha duración total de 8 horas a través da plataforma de teleformación. Foi impartido por José Ramón García Gómez, membro do GI-112.

- Na Academia Galega de Seguridade Pública:

Contemplado no curso "Intervención con múltiples vítimas" para bombeiros, impartiuse o 11 de novembro o **módulo "Primeiros auxilios psicolóxicos e xestión do estrés".** Foi impartido por Aurora Rozadilla Arias e Elsa Rodríguez Viña, ambas membros do GI-112. Este curso contempla tamén unha parte práctica que se celebrou o 16 de novembro en formato simulacro.

- Cursos para a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI):

– Se**minario "Intervención ante a conduta suicida e autolesiva dende os centros educativos"**, celebrado o 26 de maio e dirixido ao equipo do EOE de A Coruña. Foi impartido por Mª Carmen González Hermo, membro do GI-112.

– **Seminario "Apoio aos alumnos e alumnas en situación social desfavorecida"**, celebrado o 2 de xuño e dirixido ao Equipo de Orientación Específico A Coruña. Foi impartido por Mª Carmen González Hermo, membro do GI-112.

– **Seminario "Apoio aos alumnos e alumnas en situación social desfavorecida"**, celebrado o 11 de xuño para orientadores e orientadoras. Foi impartido por Mª Carmen González Hermo, membro do GI-112.
– **Curso "Estratexias para o coidado e o benestar en situacións que producen desaxustes emocionais"**, celebrado o 18 de outubro e destinado a docentes. Foi impartido por Mª Carmen González Hermo, membro do GI-112.
– **Seminario "Intervención en crises e prevención de suicidio en adolescentes"**, celebrado o 14 de xuño e dirixido ao persoal docente do IES Sar (Santiago de Compostela). Foi impartido por Mª Carmen González Hermo, membro do GI-112.
– **Curso "Estratexias para o coidado emocional dos alumnos en situación de estrés"**, celebrado o 30 de novembro e 1 de decembro e destinado a docentes de Ferrol e A Coruña. Foi impartido por Mª Carmen González Hermo, membro do GI-112.

- Formación para outros organismos:

– **Seminario "Intervención psicolóxica en emerxencias comunitarias en Galicia"**, dentro do máster de intervención social e comunitaria da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. Celebrouse o 22 de marzo e foi impartido por Ana Mª Núñez Rubines, coordinadora do GIPCE.
– **Seminario "Intervención psicolóxica en catástrofes e emerxencias"**, dentro do máster de psicoloxía xeral sanitaria dependente do Departamento de Psicoloxía Clínica da Universidade de Santiago de Compostela. Celebrouse o 14 de abril e foi impartido por Ana Mª Núñez Rubines, coordinadora do GIPCE.
– **Sesión formativa "Xestión emocional e control de estrés en situacións de emerxencias"**, contemplada dentro da formación "Protocolos de emerxencia: Técnicas de rescate e protocolos de actuación en emerxencias en espazos naturais protexidos", organizada polo Centro Nacional de Educación Ambiental (CENEAM) e celebrada no Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) en Oleiros - A Coruña. Celebrouse o 8 de outubro e foi impartida por Ana Mª Núñez Rubines, coordinadora do GIPCE.

### h) Colaboración con outras institucións

- **Colaboración coa *Fundación Española para la Promoción y el Desarrollo Científico y Profesional de la Psicología* (PSICOFUNDACIÓN) a través do Proyecto PsiCOPvid**

Entre os meses de marzo e xullo o GIPCE participou no *"Proyecto PsiCOPvid. Evaluación del Programa de Atención Psicológica Telefónica desarrollado durante la crisis del COVID-19"*. Para garantir o cumprimento da lexislación vixente en materia de protección de datos esta participación foi realizada integramente pola coordinadora do GIPCE, Ana Mª Núñez Rubines. Este proxecto tivo dúas fases:

1. Unha primeira realizada entre marzo e maio, na que se colaborou para a creación dunha base de datos inicial.
2. Unha segunda fase entre maio e xullo, na que se realizaron seguimentos telefónicos a máis de 160 usuarios/as do teléfono de atención

psicolóxica telefónica 112 e se lles pasaba o cuestionario de avaliación da atención recibida, así como a súa evolución no ano seguinte.

No momento da redacción desta memoria seguen pendentes de publicación os resultados deste estudo.

- **Colaboración coa Asociación para o Autocoidado da Saúde (ANEFP) no proxecto sobre síntomas leves da COVID-19.**

Durante os meses de maio e xuño, a coordinadora do GIPCE, Ana Mª Núñez Rubines, colaborou no proxecto dirixido a identificar, consensuar e definir a sintomatoloxía leve da COVID-19.

As sociedades científicas participantes foron:

- Sociedad Española de Farmacia Clínica, Familiar y Comunitaria (SEFAC).
- Sociedad Española de Médicos Generales y de Familia (SEMG).
- Consejo General de Enfermería.
- Consejo General de la Psicología de España.

### i) Membros GIPCE - COPG e GIPCE - 112

O número de membros totais do GIPCE - COPG ao finalizar o ano 2021 foi de 91 persoas, 37 do GIPCE - 112 e 54 membros do grupo de formación GIPCE - COPG.

Durante o ano 2021 entraron a formar parte do GIPCE - COPG 8 novos integrantes. Estes membros están sendo formados para poder entrar a formar parte do GIPCE - 112.

Comezouse o ano 2021 con 37 membros do GIPCE - 112 e houbo unha baixa que pasou a ser membro non activable dentro do GIPCE - COPG. Así mesmo, unha compañeira do grupo de non intervención, GIPCE - COPG, acadou os requisitos de formación e experiencia necesarios e pasou a formar parte do GIPCE - 112.

### j) Grupos de traballo

- **Grupo de gardas**

Formado por 16 GIPCEs encargadas de realizar gardas telefónicas que permitiron dar cobertura as 24 horas do día dos 365 días do ano a todas as demandas do 112 de atención en emerxencias.

As compoñentes son: Ana Mª Núñez Rubines, Aurora Rozadilla Arias, Mª Carmen Patiño García, Concepción López Martínez, Elena González



Reunión xefa de gardas

Cid, Mª Elena Seoane de la Fuente, Fátima López Rodríguez, Isabel Cabado Fidalgo, Isabel Vázquez Prado, Julita Mª Touriño Araujo, Mª Leonor Galiana Caballero, Lorena Nieto Iglesias, Mª Carmen González Hermo, Mª Luz Losada Somoza, Olegaria Mosqueda Bueno e Soledad Ozores Dopereiro.

A xuntanza anual celebrouse o 30 de xaneiro.

- **Grupo de Apoio a Intervenientes (GAI)**

  O GAI é o Grupo de Apoio a Intervenientes formado na actualidade por 3 integrantes do GIPCE. Encargase de proporcionar o acompañamento necesario a aqueles membros do GIPCE que o demandan unha vez que participaron nunha intervención, e a nivel xeral ten como obxectivo promover o coidado e a cohesión entre todos e todas as integrantes do GIPCE en ambos grupos, tanto de intervención GIPCE-112 como o de formación GIPCE - COPG.

  Está formado por Lorena Nieto Iglesias, coordinadora, Mª Carmen González Hermo, Hafdallah Menni Ouali e Juan Carlos Prados Moreno (ata agosto de 2021)

  Reunións:

  12 de xaneiro / 9 de febreiro / 9 de marzo /
  6 de abril / 18 de maio / 8 de xuño / 13 de xullo /
  14 de setembro / 28 de setembro / 30 de novembro



Grupo de Apoio a Intervinientes

- **Grupo de Traballo para Plans de Emerxencia Exterior**

  Formado pola coordinadora do GIPCE Ana Mª Núñez Rubines e tres GIPCEs que figuran como suplentes da mesma en cada unha das provincias: José Ramón García Gómez (provincia de Ourense), Mª Carmen González Hermo (provincia da Coruña) e Julita Mª Touriño Araújo (provincia de Pontevedra).

  Encárganse de elaborar a documentación necesaria para poder desenvolver as nosas intervencións no caso de que se active algún destes Plans de Emerxencia Exterior (PEE) e da asistencia ás reunións que se convoquen para a preparación do plan da coordinación dos simulacros correspondentes.

Durante o 2021 celebrouse unha reunión o 5 de xullo na Xefatura Territorial de Ourense polo Plan de Emerxencias Exterior de CEPSA -Maside á que asistiu José Ramón García Gómez.

- **Grupo de Traballo para Plan de Emerxencias Interno**

  Formado pola Coordinadora do GIPCE, Ana Mª Núñez Rubines, e Concepción López Martín, membro da Comisión Coordinadora do GIPCE.

  No ano 2021 quedou pendente a revisión deste Plan de Emerxencias Interno.

- **Grupo de Traballo sobre violencia de xénero**

  Formado por cinco membros do GIPCE que tamén forman parte no Programa da Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero: Julita Mª Touriño Araújo (coordinadora), Antonia San Martín García, Juan Carlos Prados Moreno, Mª Luz Losada Somoza e Rubén Villar Trenco.

  Este grupo creouse co cometido da elaboración dun díptico interno con pautas de actuación nas intervencións en emerxencias de violencia de xénero nas que hai morte por asasinato da muller e/ou seus fillos. O díptico está rematado. Segue pendente realizar os trámites para o rexistro da propiedade intelectual para poder imprimilo e difundilo.

- **Grupo de Traballo protocolo de intervención grupal en centros educativos**

  Este grupo está composto por dúas persoas que pertencen ao GIPCE: Lorena Nieto Iglesias e Rubén Villar Trenco, e dúas asesoras externas que son Paula Baldomir Gago e Andrea Elena Cortiñas Cimadevila. O grupo está coordinado por Lorena Nieto Iglesias.

  Este grupo ten como obxectivo a elaboración dun protocolo de actuación adaptado desde o modelo de EMDR. Neste grupo especializado tamén se lles formará en EMDR.

  Está previsto que continúen traballando para adaptar a documentación elaborada durante a pandemia a outras situacións críticas que poidan acontecer nos centros educativos.

- **Grupo externo ao GIPCE. Observatorio Postcatástrofe**

  O GIPCE participou nun grupo de traballo da Sección de Psicoloxía e Saúde do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia que tiña como obxectivo elaborar un documento sobre as consecuencias emocionais na poboación despois dunha catástrofe. A representante do GIPCE neste grupo era Mª Luz Losada Somoza.

  No 2021 logrouse rematar este protocolo, darlle difusión e presentalo na Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

- **Grupo de Traballo para a elaboración do manual de Xefas de Garda**

  Creouse no ano 2021 un grupo cuxo obxectivo é a elaboración dun manual para as Xefas de Garda do GIPCE. Neste grupo participan Olegaria Mosqueda Bueno, Julita Mª Touriño Araújo e Ana Mª Núñez Rubines.

- **Grupo de Traballo de elaboración de material sobre diversidade e multiculturalidade**

  Creouse este grupo, coordinado por Hafdallah Menni El Ouali, co obxectivo de elaborar unha guía que recolla os costumes e as características do dó nas distintas culturas. Esta guía pasará a formar parte do material de intervención para que cando xurda unha intervención con

vítimas doutra relixión teñamos os coñecementos básicos que nos permitan intervir respectando os seus costumes.

- **Grupo de Traballo de boa praxe nas emerxencias**
  En decembro creouse este grupo a nivel estatal polo coordinador da área de emerxencias, Javier Torres Ailhaud. Está formado por excoordinadores e coordinadoras dos diferentes GIPCEs de España e ten como obxectivo elaborar un código ou decálogo de boas prácticas na intervención en emerxencias a nivel nacional. Forma parte deste grupo Ana Isabel Martínez Arranz, anterior coordinadora do GIPCE.

**k) Comité de valoración de novas solicitudes de ingreso**

Creado a partir da aprobación do Regulamento Interno do GIPCE en xuño de 2016, esta composto por catro persoas: Ana Isabel Martínez Arranz, secretaria da Xunta de Goberno do COPG; Ana Mª Núñez Rubines, coordinadora do GIPCE; e Concepción López Martín e Lorena Nieto Iglesias, ambas membros da Comisión Coordinadora do GIPCE.

A función deste comité é valorar as novas solicitudes e o cumprimento dos requisitos tanto de ingreso como de permanencia dentro do Grupo recollidos no Regulamento Interno do GIPCE.

Tivo dúas xuntanzas ao longo do 2021:

15 de marzo / 19 de xullo

Durante o ano 2021 aprobáronse oito solicitudes de incorporación ao GIPCE - COPG, unha solicitude para o GIPCE-112, cinco baixas no GIPCE - COPG e unha baixa no GIPCE-112.

**l)** Participación na Comisión de Valoración Autonómica da Acreditación Nacional de Psicólogo/a Experto/a en Psicoloxía en Emerxencias e Catástrofes.

**m)** Documentación elaborada

No ano 2021 publicouse o "Caderno de ruta da intervención", como unha guía de boas prácticas nas intervencións que fomenten o autocoidado e a calidade na atención dos usuarios e usuarias.

Tamén se editaron dous vídeos: Presentación do GAI e Misión, visión e valores do GIPCE.




Caderno de ruta da intervención

**n) Participación en campañas de concienciación e sensibilización social**

– Campaña “**Eu son** #RRSSPONSABLE”, divulgada a través das redes sociais do COPG e dirixida á concienciación dun uso responsable das redes sociais en emerxencias.







Campaña “Eu son #RRSSPONSABLE”

– Participación na campaña “**Falemos: con acción hai esperanza**” para visibilizar o suicidio. Levada a cabo por alumnos e alumnas da Facultade de Xornalismo da Universidade de Santiago de Compostela e na que participaron varios profesionais do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, entre eles Ana Mª Núñez Rubines, coordinadora do GIPCE.

**o)** Achega de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de Infocop e da páxina web.

# 8.2. GRUPO DE TRÁFICO E SEGURIDADE

## REUNIÓNS DA COMISIÓN COORDINADORA

Celebráronse nas seguintes datas:

- 28 de xaneiro
- 27 de marzo
- 5 de maio
- 10 de xullo
- 4 de novembro
- 20 de decembro

## REUNIÓNS DO GRUPO DE TRÁFICO

Celebráronse dúas reunións:

- 12 de xuño
- 27 de novembro

## COMPOSICIÓN DA COMISIÓN COORDINADORA

Eva Muíño Gómez
*Coordinadora*

Pilar Casal Devesa
Rosa Mª Domínguez Cameán
Alejandro González Piñeiro
María Mariño Barca
Mª Jesús Sánchez Peteiro
Diego Antelo Guerra
Adriana Rodríguez Crespo

## ACTIVIDADES

**a) Formación**

- Sesión formativa “Tratamento clínico das fobias: Amaxofobia, protocolo e casos prácticos”.
  Data: 12 de xuño.
  Modalidade online.
  Relatores: Yolanda Ordoñez Lema, psicóloga sanitaria con formación en neuropsicoloxía e especializada en trastornos do ánimo e da ansiedade; Diego Antelo Guerra e Alejandro González Piñeiro, ambos psicólogos sanitarios e membros da Comisión Coordinadora do Grupo de Tráfico e da Seguridade do COPG.
- Sesión formativa “Flexibilidade cognitiva e fatiga no contexto do tráfico e da seguridade”.
  Data: 4 de novembro.




Sesión formativa “Flexibilidade cognitiva e fatiga no contexto do tráfico e da seguridade”

Modalidade online

Relator: José León Carrión, catedrático e profesor de neuropsicoloxía e director do Laboratorio de Neuropsicoloxía Humana na Universidad de Sevilla. Director do Departamento de I+D+i do Centro de Rehabilitación de Dano Cerebral (C.RE.CER.) en Sevilla.

**b)** Redacción das achegas para o Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2021/2025.

**c)** Achega de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de Infocop e da páxina web.

**d)** Participación na Comisión de Valoración de solicitudes de acceso ao Grupo de Trafico e da Seguridade do COPG.

**e)** Composición da Comisión de Valoración do COPG para as solicitudes de Acreditación Nacional de Psicólogo/a Experto/a en Psicoloxía do Tráfico e da Seguridade.

**f)** Participación en diferentes medios de comunicación de prensa escrita, radio e televisión.

# 9. CONVENIOS DE COLABORACIÓN

## 9.1. PROGRAMA DE ATENCIÓN PSICOLÓXICA A MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO

Este programa sitúase no marco do convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia e o COPG para a atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero, e complementariamente a menores e outras persoas dependentes delas que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero. Vénse renovando anualmente desde o ano 2004.

### COORDINADORA

Mª Luz Losada Somoza

### ACTIVIDADES

**a) Formación**

Impartida conxuntamente co Programa Abramos o Círculo.

- Xornada de traballo interno dos programas "Presentación do portelo de comunicación interna dos programas de intervención en violencia de xénero do COPG".
  Data: 6 de marzo.
  Modalidade: Online.
  Coordinadores: Rubén Villar Trenco e Mª Luz Losada Somoza.
  Relator: Miguel Maroño Buján, informático e creador da plataforma.
- Formación inicial e acto de benvida para os e as novas terapeutas dos Programas.
  Data: 15 de maio.
  Modalidade: Online.
  Coordinadores e relatores: Rubén Villar Trenco e Mª Luz Losada Somoza.
- Curso "A sexualidade tras a violencia de xénero".
  Datas: 7, 8 e 15 de maio.
  Modalidade: Online.
  Coordinadores: Rubén Villar Trenco e Mª Luz Losada Somoza.
  Docente: Antonio Fuertes Martín, doutor en psicoloxía. Profesor dos módulos de desenvolvemento sexual e afectivo e psicoloxía da sexualidade no Grao de Psicoloxía da Universidad de Salamanca.

**b) Intervencións:**

- O equipo de psicólogos e psicólogas que traballan ao abeiro do programa consta de 75 profesionais en toda a comunidade.
- Solicitan intervención ao longo do ano 443 mulleres; foron admitidas 400 das cales 383 tiñan denuncia interposta. Un total de 353 mulleres tiñan orde de protección.
- Non se realizan intervencións a través do protocolo conxunto entre o PAPMVX e o GIPCE, aínda que si houbo unha alerta por este protocolo e si se activou o protocolo post emerxencia para familiares de mulleres falecidas.
- Ao longo do ano 2021 non foi necesario activarse o protocolo de actuación para a atención psicolóxica con interprete de lingua de signos española para persoas xordas e xordocegas.

**c) Reunións informativas para novos e novas terapeutas do Programa:**

- Desenvolvéronse dúas xornadas informativas para os novos e novas terapeutas que se incorporan aos Programas en modalidade online os días 15 de maio e 26 de outubro respectivamente.

**d) Actividades desenvolvidas pola coordinadora:**

- Ao longo do ano, a coordinadora do Programa mantivo reunións cunha periodicidade variable con Rubén Villar Trenco, coordinador do Programa Abramos o Círculo, co obxectivo de organizar as diferentes formacións e tratar outros asuntos relacionados con ambos Programas.
- Ao longo do ano a coordinadora mantivo diferentes xuntanzas coa Decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para o seguimento dos dispositivos de intervención en violencia de xénero.
- Participouse bimensualmente en reunións coa Comisión Intersectorial Feminista do COPG para a planificación e execución do traballo en materia de xénero, igualdade e violencia de xénero.
- Mantívose contacto periódico coa asesora xurídica do COPG para a xestión de posibles casos e o asesoramento ante diferentes cuestións que xorden no dispositivo.
- Mantivéronse xuntanzas periódicas co informático do COPG para poñer en marcha e optimizar o funcionamento do portelo de comunicación interna dos programas de atención psicolóxica.
- O 8 de marzo, Día Internacional da Muller, a Coordinadora do PAPMVX Mª Luz Losada Somoza, participou en calidade de interviniente na mesa redonda online "A muller en tempos de pandemia" dentro da xornada "Mulleres líderes: Por un futuro igualitario no mundo da COVID-19". Nesta xornada participaron ademais como relatoras Mª Dolores Fernández Galiña, Valedora do Pobo e Josefina Martínez Novoa, Presidenta da Asociación Valores Innovación; e como moderadora Luz Doporto, Deputada de Igualdade de Ourense.
- Participación en entrevistas sobre a atención psicolóxica a mulleres e menores vítimas de violencia de xénero en diferentes medios de comunicación de prensa escrita, radio e televisión.

## 9.2. PROGRAMA "ABRAMOS O CÍRCULO"

É un programa de atención psicolóxica especializada e de apoio, financiado pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, e dirixido a homes que adoptan actitudes inadecuadas nas relacións coa súa parella e coa súa familia, e desexan adquirir novos modos de comportamentos exentos de agresividade. Vénse renovando anualmente desde 2001.

### COORDINADOR

Rubén Villar Trenco

### ACTIVIDADES

**a) Formación:**

Impartida conxuntamente co Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero.

- Xornada de traballo interno dos programas "Presentación do portelo de comunicación interna dos programas de intervención en violencia de xénero do COPG".
  Data: 6 de marzo.
  Modalidade: Online.
  Coordinadores: Rubén Villar Trenco e Mª Luz Losada Somoza.
  Relator: Miguel Maroño Buján, informático e creador da plataforma.
- Formación inicial e acto de benvida para os e as novas terapeutas dos Programas.
  Data: 15 de maio.
  Modalidade: Online.
  Coordinadores e relatores: Rubén Villar Trenco e Mª Luz Losada Somoza.
- Curso "A sexualidade tras a violencia de xénero".
  Datas: 7, 8 e 15 de maio.
  Modalidade: Online.
  Coordinadores: Rubén Villar Trenco e Mª Luz Losada Somoza.
  Docente: Antonio Fuertes Martín, doutor en psicoloxía. Profesor dos módulos de desenvolvemento sexual e afectivo e psicoloxía da sexualidade no grao de psicoloxía da Universidad de Salamanca.

**b) Reunións informativas para novos e novas terapeutas do Programa:**

Desenvolvéronse dúas xornadas informativas para os novos e novas terapeutas que se incorporan aos Programas en modalidade online os días 15 de maio e 26 de outubro respectivamente.

**c) Intervencións:**

O equipo de psicólogas e psicólogos que traballan ao abeiro do programa consta de 51 profesionais en toda Galicia.

Solicitan intervención ao longo do ano 136 homes, dos cales foron admitidos 73 e iniciaron a intervención 70.

**d) Actividades desenvoltas polo coordinador**

- Ao longo do ano, o coordinador do Programa mantivo reunións cunha periodicidade variable con Mª Luz Losada Somoza, coordinadora do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero, co obxectivo de organizar as diferentes formación e tratar outros asuntos relacionados con ambos Programas.
- O coordinador do Programa asistiu a varias xuntanzas coa Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia de seguimento dos dispositivos en materia de violencia de xénero conveniados co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.
- Ao longo do ano o coordinador mantivo diferentes xuntanzas coa Decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para o seguimento dos dispositivos de intervención en violencia de xénero.
- Participouse bimensualmente en reunións coa Comisión Intersectorial Feminista do COPG para a planificación e execución do traballo en materia de xénero, igualdade e violencia de xénero.
- Mantívose contacto periódico coa asesora xurídica do COPG para a xestión de posibles casos e o asesoramento ante diferentes cuestións que xorden no dispositivo.
- Mantivéronse xuntanzas periódicas co informático do COPG para poñer en marcha e optimizar o funcionamento do portelo de comunicación interna dos programas de atención psicolóxica.
- Mantivéronse diferentes xuntanzas internas de traballo con Fátima López Rodríguez, coordinadora da Quenda de Garda de Atención Psicolóxica do COPG para a coordinación e colaboración entre os diferentes dispositivos.
- Participación en entrevistas sobre a atención psicolóxica a homes que adoptan actitudes inadecuadas en diferentes medios de comunicación de prensa escrita, radio e televisión.

**e) Participación en xornadas, congresos e cursos**

- O 11 de xullo, Rubén Villar Trenco, coordinador do programa participa no "V Congreso Nacional de la Psicología y Salud Pública: Necesidad y Oportunidad", no que se aborda a cuestión da violencia de xénero e poder expoñer os recursos conveniados desde o COPG coa Secretaría Xeral de Igualdade.
- O 22 de novembro o coordinador do programa participou nas "Xornadas contra a violencia de xénero. Violencia de xénero dixital" organizadas polo Concello de Ares (A Coruña) desde a Área de Igualdade.
- O 30 de novembro o coordinador participa nas "Xornadas de formación para profesionais" organizadas polo Concello de Carballo (A Coruña) e celebradas dentro do programa deseñado pola Área de Igualdade en torno ao 25 de novembro.

## 9.3. PROGRAMA DA QUENDA DE GARDA PSICOLÓXICA ESPECIALIZADA EN VIOLENCIA DE XÉNERO

O 4 de maio 2021 renovouse o convenio de colaboración coa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para a posta en marcha dun servizo de Quenda de Garda Psicolóxica Especializada e Permanente para mulleres e os seus fillos e fillas menores, que sofren violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia.




Sinatura do convenio

### COORDINADORES

Fátima López Rodríguez e Rubén Villar Trenco.

### ACTIVIDADES

**a) Intervencións**

- O equipo de psicólogas e psicólogos que traballan ao abeiro do programa consta de 24 profesionais en toda a comunidade.
- Actívase o servizo en 58 ocasións:
  - Atención a cinco usuarias, a solicitude da Garda Civil de Culleredo.
  - Atención a corenta e cinco usuarias, a solicitude da Policía Nacional de Vigo.
  - Atención a tres usuarias, a solicitude da Policía Nacional de Ourense.
  - Atención a unha usuaria, a solicitude da Sede Xudicial de Ourense.
  - Atención a unha usuaria, a solicitude da Garda Civil de Arcade.
  - Atención a unha usuaria, a solicitude da Garda Civil de Castroverde.
  - Atención a dúas usuarias, a solicitude da Garda Civil de Baiona.

**b) Reunións informativas para novas e novos psicólogos da Quenda**

- Desenvolveuse unha xornada informativa para as novas e novos psicólogos que se incorporan á Quenda 20 de febreiro.

**c) Formación**

- Xornada Interna de Traballo da Quenda de Garda Psicolóxica e Especializada

  Data: 20 de febreiro.

  Modalidade: online.

  Coordinación e relatores: Rubén Villar Trenco e Fátima López Rodríguez.
- Obradoiro "Como fomentar o cambio natural nas reaccións fisiolóxicas do SNA por medio da corregulación: Un lente polivagal que prové ferramentas para a axuda ás vítimas da violencia de xénero.

  Datas: 10, 17 e 24 de abril.

  Modalidade: online.

  Coordinadores: Rubén Villar Trenco e Fátima López Rodríguez

  Relator: Enrique Arellano Farias, psicoterapeuta, editor e profesor da Teoría Polivagal en español.
- Reunións internas de seguimento cos psicólogos e psicólogas de cada partido xudicial.

  Datas: Partido da Coruña: 7 de xullo / Partido de Santiago de Compostela: 9 de setembro / Partido de Vigo: 16 de xuño e 26 de agosto / Partido de Ourense: 5 de agosto / Resto de partidos xudiciais: 23 de setembro.

  Modalidade: online.

  Coordinadores: Rubén Villar Trenco e Fátima López Rodríguez
- Obradoiro "Presenza de seguridade"

  Datas: 1 de outubro e 10 de decembro

  Modalidade: online.

  Coordinadores: Rubén Villar Trenco e Fátima López Rodríguez

  Relatora: Sara Vayá Alonso, psicóloga, psicoterapeuta e terapeuta corporal. Formación en posgrao en psicoloxía clínica infanto-xuvenil, diploma en hipnose eriksoniana e formación en anatomía experencial e M.S.G. Máis de 15 anos de práctica clínica en consulta privada e 10 anos en práctica docente.

**d) Actividades desenvoltas polos coordinadores**

- Estableceuse coordinación con outros recursos da comunidade: Centros de Información á Muller, Forzas e Corpos de Seguridade, Servizos Sociais, Xulgados, etc.

## 9.4. INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS

Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia en materia de Protección Civil. Vénse renovando anualmente desde 1997.

O obxecto deste convenio é achegar apoio á acción permanente dos órganos e das autoridades competentes en protección civil para a prevención e atención ante as emerxencias.

O COPG vén sostendo un Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) —ver epígrafe 8.1 desta Memoria— que está organizado en forma de rede activable. Está integrado por 37 psicólogas e psicólogos colexiados especializados neste tipo de situacións, que son os que interveñen, e 54 psicólogos e psicólogas colexiados de nova incorporación, non intervenientes, que están en proceso formativo. O GIPCE ofrece un recurso necesario e preparado para a resposta de intervención psicolóxica en desastres de media e grande magnitude.

## 9.5. ACORDO MARCO DE COLABORACIÓN CO INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL (ISSGA) DA XUNTA DE GALICIA

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), dependente da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, manteñen desde abril de 2013 un acordo marco de colaboración para a promoción de actuacións de seguridade e saúde no traballo.

Este acordo establece canles de colaboración para o desenvolvemento de actividades de información e formación en prevención de riscos laborais, así como na programación e coordinación das actividades desenvolvidas polo COPG, co obxectivo de mellorar as condicións de seguridade e saúde no traballo, reducir os riscos laborais e avanzar na investigación e fomento de novas formas de protección e promoción de estruturas eficaces de prevención.

## 9.6. CONVENIO COA FUNDACIÓN EDUCACIÓN, DEPORTE Y SALUD (FEDYS)

Convenio de colaboración desde 2008 entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Fundación Educación, Deporte y Salud (FEDYS), que tal e como recolle o seu nome, ten tres eixes básicos de actuación: a educación, o deporte e a saúde.

Este convenio permite, entre outros aspectos, o desenvolvemento e a mellora da saúde na poboación xeral a través da práctica da actividade física e deportiva co obxectivo de diminuír algunhas das enfermidades máis frecuentes nas sociedades actuais como a hipertensión, a diabetes..., e un problema cada día máis en aumento como é a obesidade. Tamén permite a posibilidade de levar a cabo traballos de investigación relacionados coa área ou a organización de cursos, seminarios ou xornadas.

Finalmente, unha das colaboracións máis relevantes pola súa novidade é o asesoramento vocacional e psicolóxico aos deportistas que se achegan á Oficina de Atención ao Deportista, tanto as persoas que están en activo como as xa retiradas.

## 9.7. CONVENIOS COA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Convenio marco de colaboración desde 2008 entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela.

Ao abeiro deste convenio, a Universidade e o COPG executan de xeito conxunto proxectos e programas de investigación, desenvolvemento e transferencia de coñecemento, ademais de cooperar en programas e actividades de formación continuada de profesionais e de persoal investigador.

Encadrado neste convenio, o COPG ten asinado un convenio específico de colaboración entre o Grupo de Tráfico e Seguridade e a Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela co fin de desenvolver un modelo de intervención psicolóxica dirixido a previr a reincidencia das persoas infractoras de tráfico.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, baixo convenio específico coa Universidade de Santiago de Compostela, colabora no desenvolvemento dun curso sobre o Código Deontolóxico que recibiu o alumnado do Practicum do Grao en Psicoloxía, con carácter previo á súa incorporación aos centros nos que vaian a desenvolver as prácticas. O devandito curso foi impartido por antigos membros e polos actuais da Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG e a asesora xurídica do Colexio.

Tamén ao abeiro deste convenio organizouse a actividade Tempo da Psicoloxía, unha actividade divulgativa da psicoloxía na sociedade.

## 9.8. CONVENIO COA UNIVERSIDADE DE VIGO

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia mantén desde 2012 un convenio marco de colaboración coa Universidade de Vigo cuxo propósito é realizar conxuntamente actividades e proxectos en todo tipo de materias que resulten de interese para ambas as institucións.

Ao abeiro do convenio marco, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia segue mantendo o convenio de colaboración específico para o desenvolvemento científico no marco do programa de doutoramento en Ciencias da Educación e o Comportamento.

## 9.9. CONVENIO COA FUNDACIÓN MENIÑOS

Convenio marco de colaboración desde 2008 entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e Fundación Meniños para a Infancia.

Este convenio ten por obxecto definir un marco xeral de colaboración estable entre ambas as dúas institucións para o desenvolvemento de accións de formación, investigación, comunicación, publicacións, asesoramento ou calquera outra de interese común.

## 9.10. CONVENIO COA FEDERACIÓN GALEGA DE DANO CEREBRAL (FEGADACE)

Convenio marco de colaboración desde 2012 entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE).

Este convenio de colaboración entre as dúas entidades asinouse co fin de promover accións conxuntas, coordinadas e beneficiosas para ambas as institucións, que teñan por obxecto a sensibilización, a formación, a intervención social, a investigación e a organización de accións e eventos.

## 9.11. CONVENIO COA FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP)

### CAMPAÑA #POLOBOTRATO

Convenio de colaboración coa FEGAMP (Federación Galega de Municipios e Provincias) en cuestións de igualdade e loita contra a violencia de xénero, ao abeiro do cal se reeditou o cartaz co "Decálogo de Concellos #PoloBo-Trato" que se distribuíu en todos os concellos galegos así como nas catro deputacións, cunha serie de recomendacións para fomentar o bo trato no ámbito da igualdade de xénero.

## 9.12. CONVENIOS COA CONSELLERÍA DE SANIDADE DA XUNTA DE GALICIA

O 15 de marzo de 2021 asinouse un acordo de colaboración entre a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento da Saúde (ACIS) e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a organización dun ciclo de conferencias dirixido aos e ás profesionais sanitarios/as co obxectivo de promover o seu coidado emocional e psicolóxico dentro do "Plan de Apoio Escoita Activa ao persoal da sanidade" impulsado polo Servizo Galego de Saúde (SERGAS). Neste ciclo incluíu seis webinars do Espazo de Autocoidado.

## 9.13. CONVENIO COA CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE A CORUÑA

No ano 2019 asinouse un convenio de colaboración entre a Confederación de Empresarios de A Coruña e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a promoción da xestión e o desenvolvemento das persoas na contorna laboral.

Este acordo foi impulsado desde a Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións (PTO) para, entre outros obxectivos máis específicos, poñer en valor a contribución das e dos profesionais da Psicoloxía, e da Psicoloxía do Traballo e das Organizacións en particular, ao ámbito empresarial e organizacional.

## 9.14. CONVENIO COA CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE LUGO

O 8 de abril asinouse un convenio de colaboración entre a Confederación de Empresarios de Lugo (CEL) e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG) para a iniciativas conxuntas no ámbito da formación e do asesoramento organizacional. A sinatura tivo lugar na sede da CEL e participaron a decana do COPG, Mª Rosa Álvarez Prada, e o secretario xeral da patronal, Jaime Luis López Vázquez.

Este acordo de colaboración pretende fomentar o emprendemento, o asesoramento técnico ao tecido empresarial e a formación nos ámbitos de actuación de ambas as entidades. O pacto entre as dúas institucións comprométeas a colaborar adecuadamente para conseguir tales obxectivos. Por parte da Confederación de Empresarios de Lugo obrígase a realizar actividades de información, asesoramento e formación encamiñadas á mellora da cualificación profesional e empresarial. Pola súa banda, desde o COPG proporcionarase asesoramento en cuestións relacionadas coa Psicoloxía do Traballo e das Organizacións, en temas como o deseño de programas de información e formación relacionados coa prevención de riscos laborais ou a xerencia de recursos humanos, entre outros.



Sinatura do convenio entre o COPG e CEL

## 9.15. CONVENIO CON PREVISIÓN SANITARIA NACIONAL (GRUPO PSN)

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Aseguradora para Previsión Sanitaria Nacional (Grupo PSN) asinaron o 13 de novembro de 2019 un acordo de colaboración para o desenvolvemento da actividade profesional, proporcionando distintas solucións de cobertura e protección persoal das persoas colexiadas e de calquera outro servizo de carácter profesional.

# 10. SERVIZO DE INTERVENCIÓN EN PSICOLOXÍA FORENSE

O principal fin do Servizo de Intervención en Psicoloxía Forense é o nomeamento de psicólogos e psicólogas peritos perante a Administración de Xustiza.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia conta cunha listaxe de psicólogos e psicólogas para responder ás demandas que se fagan á institución de nomeamento de peritos para actuar ante os órganos xurisdicionais e das administracións públicas. Esta listaxe, de ámbito territorial provincial, organízase en tres áreas concretas de intervención:

- Dereito penal
- Dereito civil
- Dereito laboral, social e outros ámbitos

En cumprimento do establecido na Lei, fíxose un envío a todos os xulgados de Galicia das listas de psicólogos e psicólogas peritos dispostos a actuar nas diferentes áreas de intervención para a súa designación directa por parte dos xulgados.

Tamén se colaborou na edición da Guía de Peritos Xudiciais 2021, elaborada por Unión Profesional de Galicia, que inclúe tamén unha listaxe de mediadoras e mediadores.

# 11. SERVIZO DE MEDIACIÓN EN ASUNTOS CIVÍS E MERCANTÍS

Por acordo da Xunta de Goberno do 14 de marzo de 2014, créase o Servizo de Mediación en Asuntos Civís e Mercantís do COPG, aprobándose nesta mesma data o seu regulamento.

Este Servizo está integrado por 55 mediadores e mediadoras. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia figura inscrito no Rexistro de Mediadores e Institucións de Mediación do Ministerio de Xustiza.

# 12. BECA SIOTA DE INVESTIGACIÓN EN PSICOLOXÍA

## XII EDICIÓN DA BECA SIOTA

**Composición do Comité Seleccionador:**

Mª Rosa Álvarez Prada, *decana do COPG*

Alejandra Isabel Fernández Rodríguez
Luís Carlos Álvarez García
Rosa Cerqueiro Landín
Ana Jartín Abraira
Carlos Montes Piñeiro
José Manuel Oreiro Blanco
Gloria Seoane Pesqueira

O Comité Seleccionador da Beca Siota de Investigación en Psicoloxía acordou, na súa reunión do 7 de abril de 2021, unha vez valorados os proxectos presentados, declarar deserta a Beca na súa XII edición ao estimar que os devanditos proxectos non acadan os criterios básicos que debe cumprir un proxecto de investigación.

# 13. EVENTOS COLEXIAIS

## 13.1. GALA DA PSICOLOXÍA GALEGA

O 3 de decembro celebrouse no Centro Abanca en Santiago de Compostela a Gala da Psicoloxía Galega. No marco da gala entregóuselle o **Premio Dolores Llópiz: Psicoloxía e Sociedade** a artista galega **Uxía Senlle** polo seu destacado compromiso social, un referente cultural, vangarda e tradición, e unha das persoas máis queridas e respectadas no panorama intelectual galego; ademais de pola súa defensa a psicoloxía fronte as pseudociencias e o intrusismo.

Previamente á entrega do acto, celebrouse unha conferencia impartida por Miguel Anxo García Álvarez, psicólogo clínico e ex decano do COPG, sobre os 40 anos da psicoloxía profesional en Galicia, dado que o COPG celebrou o seu 40 aniversario no ano 2020.

Fíxose entrega, así mesmo, do recoñecemento ao **Colexiado de Honra,** que nesta ocasión a Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiadas do COPG acordou conceder a **Elixio Domarco Álvarez,** co que se recoñece a súa extraordinaria entrega persoal tanto á institución como ao desenvolvemento da profesión da Psicoloxía en Galicia.

Tamén se fixo entrega do recoñecemento aos colexiados e colexiadas que levaban 25 anos formando parte do COPG e déuselle a benvida aos novos colexiados e colexiadas.













Finalizouse o acto coa entrega do **Premio Literario "Rosa de Cen Follas"** que outorgou o seu premio na modalidade de poesía a Miguel Ángel Alonso Fernández coa obra *Annie* e unha mención especial a Mónica González Devesa pola obra *Adeus Sar*; e na modalidade de narrativa a obra *A boa letra* de Alejandro Luis Vaghetti Joe e a mención especial para *Macutos e outras taleigas* de M. Pilar Canosa Raña.

## 13.2. 25 ANIVERSARIO DO GRUPO DE INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS DO COPG

En 2021 cumpríronse 25 anos desde o nacemento do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. Naceu como a Comisión de Protección Civil, tras evidenciarse os prexuízos ocasionados pola ausencia dun enfoque psicolóxico en dúas importantes situacións de emerxencia: o embarrancamento do Casón en 1987 e os sismos na zona de Becerreá, en Lugo, en 1995.

Sobre aquelas bases que construíron un grupo de psicólogos e psicólogas de diversos ámbitos de intervención (da clínica, da intervención social, da educativa, das organizacións…) foise definindo un proxecto ambicioso, no

que se implicou a Administración galega coa sinatura do primeiro convenio en maio de 1997. A partir de aí, grazas á formación, ao adestramento e ao compromiso de moitos colexiados e colexiadas que se implicaron neste grupo, foi medrando o que a partir de 2004 se constituíu como GIPCE.

Unha evolución que pasou dun rol de asesoramento profesional á Administración en situacións de emerxencia a alcanzar a entidade dunha rede de profesionais capaz de dar unha resposta eficaz en situación de emerxencia e catástrofe en calquera punto de Galicia todos os días do ano as 24 horas do día.

O GIPCE é a garantía dunha asistencia integral, de calidade, nas emerxencias galegas, que ten probada a súa eficacia ao longo de todo este tempo. Un conxunto de colexiados e colexiadas que desde o seu compromiso profesional, cunha vocación de servizo á sociedade, interveñen xunto con outros equipos de profesionais para reducir o impacto destas experiencias, tanto coas persoas afectadas, como cos propios intervenientes.

O **9 de outubro** celebrouse no Salón de Actos da Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) na Estrada o **Acto Conmemorativo do 25 aniversario do GIPCE.**











No marco do acto presentouse un documental producido polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia sobre a historia do GIPCE, un vídeo que permitiu coñecer como se fraguou o Grupo de Protección Civil e a evolución que foi tendo ata o que é hoxe en día a través do testemuño das persoas que o coordinaron.

Así mesmo, entregóuselles no mes de xuño a todos os membros do GIPCE-COPG e GI-12 os materiais conmemorativos que se fixeron polo 25 aniversario do GIPCE.

## 13.3. ACTO DE BENVIDA AOS NOVOS E NOVAS COLEXIADAS DO COPG

O 23 de xaneiro tivo lugar o acto de benvida a novos colexiados e colexiadas que se incorporaron ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia no ano 2020. Un encontro específico que se adoita celebrar no marco da Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiadas no mes de decembro, e que por motivo da Covid-19 tivo que ser aprazado. A decana, Mª Rosa Álvarez Prada, abriu o acto cunha benvida e a continuación a secretaria do Colexio, Ana I. Martínez Arranz, presentou os distintos servizos que ofrece o Colexio e déronse a coñecer os modos de participación colexial. Neste acto tamén interviu a vogal da Comisión de Ética e Deontoloxía Mª del Pilar Millán Cerqueiro, que abordou unha aproximación aos deberes deontolóxicos e as responsabilidades civís e penais dos psicólogos e psicólogas.

## 13.4. OUTRAS ACTIVIDADES FORMATIVAS

- **Tempo da Psicoloxía "Unha ollada sobre a pandemia"**

  Entre os días 22 e 24 de febreiro tivo lugar a terceira edición de Tempo da Psicoloxía, un proxecto organizado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, que se desenvolveu en Santiago de Compostela.

  Tempo da Psicoloxía é unha actividade divulgativa deste ámbito científico e profesional na sociedade nada en 2019, que aborda unha temática concreta en cada edición desde o prisma da psicoloxía, pero en interacción con outros axentes sociais. Desde ambas institucións considerouse que esta edición debería centrarse na pandemia e analizar algúns dos seus considerables efectos no plano psicolóxico, por iso este ano a temática protagonista foi a pandemia do coronavirus e o impacto psicolóxico en tres ámbitos: as persoas maiores, a saúde mental e a infancia e mocidade.

  Debido a situación sanitaria este ano celebrouse a través da plataforma online Zoom contando con máis de 300 asistentes.

  O 22 de febreiro tivo lugar o primeiro dos coloquios "Máis alá da resiliencia, o avellentamento asediado pola COVID", onde participaron David Facal Mayo, coordinador do Máster en Psicoxerontoloxía e psicólogo na Unidade de Psicoxerontoloxía da Universidade de Santiago de Compostela; Encarna Otero García, historiadora, profesora e escritora; e Carlos Dosil Díaz, vogal da Xunta Directiva da Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatría. Foi moderado por Susana Rois, xornalista.




Cartel Tempo da Psicoloxía

O martes 23 de febreiro abordouse o tema "Das ondas ao mar de fondo: A pegada psicolóxica do coronavirus". Moderado por David Lombao, xornalista, participaron Yolanda Castro Casanova, presidenta de Asociación de Psicólogos Clínicos do SERGAS; Susana Aldecoa Landesa, presidenta da Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria; e Julio Torrado Quintela, doutor en Psicoloxía Social e deputado do Parlamento de Galicia.

Para rematar esta edición, o mércores 24 de febreiro, versouse sobre o tema "A xeración COVID: Medrar en tempos de pandemia" moderado por Ana G. Liste, xornalista. Participaron Valentín Escudero Carranza, profesor de Psicoloxía na Universidade da Coruña; Ricardo Fandiño Pascual, psicólogo clínico e presidente de ASEIA (Asociación para a Saúde Emocional na Infancia e Adolescencia); e Tamara Fernández Cores, alumna do Máster en Psicoloxía e especialista en Psicoloxía da Intervención Social e Comunitaria na Universidade de Santiago de Compostela.





Tempo da Psicoloxía

## Falamos, Ciclo de experiencias compartidas do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

A Vogalía de Formación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia creou en 2021 un espazo para compartir aprendizaxes e experiencias entre os compañeiros e compañeiras do COPG, un punto de encontro para a profesión. Dentro deste espazo compartiuse un webinar sobre unha publicación, libro, investigación, un caso clínico, un programa de intervención.

Ao longo do 2021 celebráronse 7 webinars coa seguinte temática:

- 4 de abril. **Webinar "Estudo sobre relación terapéutica e impacto das medidas da COVID-19".** Impartido por Elisabet Hermida García (G-4082), doutora en psicoloxía clínica, psicóloga no centro Lenire Psicología y Salud e profesora titora nos graos de psicoloxía e criminoloxía da UNED; Rosana Rodríguez Gómez, psicóloga, doutoranda en Biotecnoloxía, Medicina e Ciencias Biosanitarias da Universidade Francisco de Vitoria, máster en psicoloxía clínica e en metodoloxía de investigación.
- 6 de maio. **Webinar "A supervisión-intervisión na práctica profesional en psicoloxía".** Impartido por Natalia Seijo Ameneiros (G-2322), psicoterapueta experta en trastornos alimentarios, psicosomática médica e trauma complexo. Directora do Centro de Psicoterapia y Trauma en Ferrol (A Coruña).
- 3 de xuño. **Webinar "CoidarNos: Programa de apoio a persoas coidadoras de familiares en situación de dependencia".** Impartido por Yolanda Neira Cristobo (G-5514), psicóloga do CIM de Boqueixón desde o 2011 e técnico de prevención do servizo de prevención de condutas adictivas de Boqueixón, Teo e Touro desde 2012; e Ana Anta Fernández, graduada en Traballo Social pola EUTS e traballadora social nos Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Boqueixón desde 2013.
- 16 de setembro. **Webinar "Vulnerables".** Impartido por Jorge Vázquez García (G-2042), psicólogo clínico no Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña (CHUAC) e doutor pola Universidade da Coruña. Traballa na Unidade de Interconsulta e Enlace do CHUAC en tarefas de atención psicolóxica a doentes con patoloxías médicas e de formación de persoal sanitario. Responsable do Programa de Atención a Persoal Sanitario na crise Covid-19.
- 7 de outubro. **Presentación do libro *Libre: Manual para la comprensión y el tratamiento psicológico integral de los efectos de la violencia de género en las mujeres*.** Presentado por Dolores Mosquera Barral (G-2552), psicóloga e psicoterapeuta especializada en trastornos da personalidade, trauma e disociación, sobre o que ten publicado numerosos libros e artigos. É directora do Instituto para o Estudo do Trauma e os Trastornos da Personalidade (INTRA-TP). Nesta presentación tamén participaron os/as colexiados/as Fátima López Rodríguez (G-2712), Natalia Seijo Ameneiros (G-2322), Yoana Fernández Moreno (G-4037) e Rubén Villar Trenco (G-3353).
- 4 de novembro. **Webinar "Dúbidas éticas habituais na práctica da psicoloxía".** Impartido por Katia Rolán González (G-4809) psicóloga e vogal da Comisión de Ética e Deontoloxía do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.



Sesión Falamos, ciclo de experiencias compartidas do COPG

- 2 de decembro. **Webinar "A evolución do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do COPG".** Impartida por Mª del Carmen González Hermo (G-3100), psicóloga acreditada para o exercicio de actividades sanitarias e membro da Comisión Coordinadora do GIPCE, membro do GI-112, do grupo de Xefas de Gardas do GIPCE e do Grupo de Apoio a Intervinientes (GAI) do GIPCE.
- As gravacións dos webinares están dispoñibles na web falamos.copgalicia.gal

## Programa formativo para novos colexiados e colexiadas

Desde a Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia deseñouse un programa específico de acompañamento para os novos colexiados e colexiadas, orientado ás necesidades que poden ter os psicólogos e psicólogas que inician a súa actividade profesional, o Programa Limiar. Neste programa inclúense encontros de acollida, así como actividades formativas específicas.

As actividades desenvolvéronse a través da plataforma Zoom e foron de carácter gratuíto e abertas a todos os colexiados e colexiadas, se ben tendo prioridade as persoas colexiadas entre 2020 e 2021.

O 17 de xuño tivo lugar o **webinar sobre aspectos éticos e legais da práctica psicolóxica** e o xoves 1 de xullo o **webinar sobre cuestións físicas e laborais das consultas de psicoloxía.**

# 14. REPRESENTACIÓN COLEXIAL NOS CONSELLOS DA ADMINISTRACIÓN

**Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela**
*Titular:* Mª Rosa Álvarez Prada, como membro representativo de Unión Profesional de Galicia

**Consello Galego de Saúde**
*Titular:* Xavier Sardiña Agra / *Suplente:* Delia Guitián Rodríguez

**Consello Galego de Benestar Social**
*Titular:* Mª Leonor Galiana Caballero

**Comisión Galega de Coordinación e Seguimento da Actividade fronte a Infección por VIH/SIDA e outras Infeccións de Transmisión Sexual**
*Titular:* Luisa Mª Blanco Caramés

**Consello Provincial de Servizos Sociais da Coruña**
*Titular:* Encarnación Álvarez Gallego / *Suplente:* Mª Ángeles Castro Díaz

**Consello Provincial de Servizos Sociais de Lugo**
*Titular:* Isolina Rodríguez López / *Suplente:* Julio González Morandeira

**Consello Provincial de Servizos Sociais de Ourense**
*Titular:* José Antonio Fontelo López / *Suplente:* Isabel Blanco Yáñez

**Consello Provincial de Servizos Sociais de Pontevedra**
*Titular:* Felisa Balboa Cardoso / *Suplente:* Mª Jesús Cejudo López

**Consello Sectorial de Familia, Benestar Social e Igualdade do Concello de Santiago de Compostela**
*Titular:* Mª José Fares Varela

**Consello Municipal de Servizos Sociais do Concello de Vigo**
*Titular:* Ana Mª Fieira Nogareda

**Consello Municipal de Saúde do Concello da Coruña**
*Titular:* Carlos José Losada López / *Suplente:* Víctor Manuel Torrado Oubiña

**Consello Municipal de Saúde do Concello de Monforte de Lemos**
*Titular:* Sagrario Ferreira Pernas

**Consello Municipal de Saúde do Concello de Santiago de Compostela**
*Titular:* Rocío García Calvo / *Suplente:* Marta Bouzas Lameiro

**Consello Municipal de Saúde do Concello de Vigo**
*Titular:* Irene Esperón Rodríguez

**Consello Sectorial de Inclusión Social do Concello da Coruña**
*Titular:* Mª Teresa Hermida Pérez / *Suplente:* Mª Leonor Galiana Caballero

**Consello de Deporte de Galicia**
*Titular:* María Dolores González Fernández

**Comisión Galega de Control da Violencia no Deporte**
*Titular:* María Dolores González Fernández

**Observatorio Galego da Violencia de Xénero**
*Titular:* Mª Rosa Álvarez Prada / *Suplente:* Hipólito Puente Carracedo

**Grupo de Traballo 4 do Observatorio Galego da Violencia de Xénero**
*Titular:* Mónica Permuy López

# 15. EN REPRESENTACIÓN DO COPG

- A decana do COPG, Mª Rosa Álvarez Prada, asistiu á reunión telemática do Pleno do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela, do que forma parte representado a Unión Profesional de Galicia, o día 22 de xaneiro.
- A coordinadora da Comisión Intersectorial de Psicoloxía do Deporte, Mª Dolores González Fernández, asistiu a unha xuntanza telemática coa Comisión Galega de Control da Violencia da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia o 28 de xaneiro.
- A coordinadora da Comisión Intersectorial de Psicoloxía e Deporte, Mª Dolores González Fernández, asistiu a unha xuntanza telemática co representante do Colexio de Médicos da Coruña co obxectivo de establecer algún tipo de convenio para a realización de actividades conxuntas, o día 2 de febreiro.
- A Coordinadora do Grupo de Traballo de Psicoloxía Perinatal deste Colexio, Natalia Guedella Sebastián, asistiu a xuntanza estatal do Grupo de Traballo Infanto – Xuvenil e Perinatal do Consejo General de la Psicología, celebrada de xeito telemático o día 13 de febreiro.
- A decana, Mª Rosa Álvarez Prada, asistiu á reunión anual do Pleno do Observatorio Galego da Violencia de Xénero, celebrada o 22 de febreiro e que estivo presidida pola Conselleira de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, María Jesús Lorenzana.
- Víctor Manuel Torrado Oubiña, vogal da Xunta de Goberno do COPG e José E. Rodríguez Otero, presidente da Sección de Psicoloxía e Saúde, participaron nunha xuntanza online coa Xefa de Servizo de Saúde Mental do SERGAS, María Tajes, na que se informou do Plan de intervención dirixida aos profesionais sanitarios, para establecer canles de colaboración e así apoiar as medidas previstas nel. Celebrada o 25 de febreiro.
- O vicedecano da Xunta de Goberno do COPG, Hipólito Puente Carracedo, acudiu á reunión da Área de Novas Tecnoloxías Aplicadas á Psicoloxía do Consejo General de la Psicología o 26 de febreiro.
- O vogal da Xunta de Goberno e coordinador coa Sección de Psicoloxía e Saúde e coordinador da Comisión para a Defensa da Profesión, Víctor Manuel Torrado Oubiña, participou o 27 de febreiro, nunha xuntanza da Comisión do Exercicio Privado, Intrusismo e Defensa da Profesión do Consejo General de la Psicología.
- O Colexio adheriuse ao Pacto Social por unha Coruña Libre de Violencias Machistas da Concellería de Igualdade, Benestar Social e Participación do Concello da Coruña.
- A decana do COPG, Mª Rosa Álvarez Prada, como coordinadora da Área de Psicoloxía e Igualdade de Xénero do Consejo General de la Psicología, asistiu en representación a unha mesa redonda organizada desde o Observatorio de Igualdade de Oportunidades, do Grupo Social ONCE para conmemorar o "Día Internacional da Muller", celebrada o 3 de marzo.

- Víctor Manuel Torrado Oubiña, vogal da Xunta de Goberno do COPG e José E. Rodríguez Otero, presidente da Sección de Psicoloxía e Saúde, participaron en dúas xuntanzas online coa Fundación SALMA, Saúde Mental en Galicia, na que se informou do borrador de lei de saúde mental para Galicia, os días 4 e 18 de marzo.
- A coordinadora do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que sofren Violencia de Xénero, Mª Luz Losada Somoza, participou na xornada online "Mulleres líderes: por un futuro igualitario no mundo da Covid-19", o 8 de marzo con motivo do Día Internacional da Muller.
- O presidente da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións, Carlos Montes Piñeiro, participou na presentación do Plan de actividades do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA) o 17 de marzo.
- A vicesecretaria do COPG, Alejandra Isabel Fernández Rodríguez, asistiu o 18 de marzo a unha xuntanza coa Concelleira de Benestar Social do Concello de Lugo, co obxectivo de dar resposta á solicitude recibida deste concello de cara a implantación dun servizo de atención psicolóxica.
- A decana, Mª Rosa Álvarez Prada, xunto con Xabier Macías Virgós, anterior membro da Comisión de Defensa da Profesión deste Colexio e coa responsable de Coordinación e comunicación, Eliana Martíns Alvela, asistiron ao acto celebrado no Parlamento de Galicia en Santiago de Compostela da entrega dos XXVIII Premios Publicidade en Galego outorgados pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade, o Parlamento de Galicia e o Foro Enrique Peinador, e que foi concedido ao traballo "Non é tabú, é a vida. Falamos?", unha campaña publicitaria realizada polo COPG.






XXVIII Premios Publicidade en Galego

- A petición do Concello do Grove, desde o Colexio designouse a psicóloga María Carou López para o tribunal da convocatoria para o nomeamento dun/dunha psicólogo/a clínico/a para a Unidade Asistencial de Drogodependencias (UAD) deste concello.
- Rubén Villar Trenco, coordinación da Quenda de Garda Psicolóxica e do Programa Abramos o Círculo do COPG, participou o 29 de marzo nunha mesa do Proxecto Europeo, Servizos e Dereitos para as vítimas de delito, financiado polo programa de Xustiza da Unión Europea 2014-2020.
- A presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social, Mª Leonor Galiana Caballero, participou na xornada "Tendendo pontes entre a teoría e a práctica" celebrada na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela o 14 de abril.
- A decana, Mª Rosa Álvarez Prada, xunto coa vicesecretaria do COPG, Alejandra Isabel Fernández Rodríguez, asistiron ao XLVII Congreso Nacional de Psicología e 12 Congreso Iberoamericano de Psicología, que se celebrou durante os días 21 ao 23 de abril.
- Rubén Villar Trenco, coordinador da Quenda de Garda Psicolóxica e Especializada en Violencia de Xénero, asistiu a unha xuntanza para a constitución do grupo de traballo relacionado co protocolo de violencia de xénero no ámbito educativo, o 11 de maio.
- A vogal da Xunta de Goberno, Concepción Rodríguez Pérez, participou como relatora nun webinar o 12 de maio do Proxecto SeRV Servizos e dereitos para as vítimas de delito financiado polo Programa de Xustiza da Unión Europea co cal o Colexio mantén unha colaboración. A temática abordada foi a violencia de xénero no rural.
- A vicesecretaria do COPG, Alejandra Isabel Fernández Rodríguez, participou nunha reunión xunto con outros colexios profesionais, para abordar a rede de tratamento de condutas aditivas nas Unidades de Asistencia a Drogodependencias de Galicia, o 21 de maio.
- A coordinadora do GIPCE, Ana Mª Núñez Rubines, asistiu á reunión da Comisión Galega de Protección Civil, que tivo lugar día 15 de xuño.
- O presidente da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións, Carlos Montes Piñeiro, asistiu á reunión da División Profesional de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións e os Recursos Humanos (PTORH), celebrada o día 11 de xuño.
- A decana, Mª Rosa Álvarez Prada, acudiu ao evento de presentación do informe sobre a fenda de xénero na discapacidade, organizado desde o Grupo Social ONCE, o 17 de xuño.
- O presidente da Sección de Psicoloxía e Saúde, José Eduardo Rodríguez Otero, asistiu á reunión dos vogais representantes da Área de Psicoloxía Clínica e da Saúde do Consejo General de la Psicología, celebrada o día 18 de xuño.
- A decana do COPG, Mª Rosa Álvarez Prada, asistiu a reunión de Psicofundación, Fundación para promover o desenvolvemento científico e profesional da psicoloxía do Consejo General de la Psicología, celebrada o 26 de xuño.
- Mª Rosa Álvarez Prada, decana do COPG, asistiu ao acto de presentación da Guía de Peritos e Mediadores 2021, organizado desde Unión Profesional de Galicia, na Escola Galega de Administración Pública (EGAP), o día 2 de xullo.

- O vicedecano do COPG e vogal da Coordinadora da División de Psicoloxía Educativa do Consejo General de la Psicología, Hipólito Puente Carracedo, representante na nosa comunidade do Estudo PsiCE, “Intervención psicolóxica en contextos educativos”, para o tratamento transdiagnóstico dos trastornos emocionais en adolescentes, no contexto escolar que se está desenvolver desde Psicofundación do Consejo General de la Psicología, participou o día 28 de xullo nunha xuntanza sobre o estudo.
- O vogal da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG, Eduardo Martínez Lamosa, participou na xuntanza da Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia, celebrada o 29 de xullo.
- O presidente da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións, Carlos Montes Piñeiro, asistiu ao evento Lean ORP (Occupational Risk Prevention) Unha visión holística de cultura preventiva, organizado pola Xunta de Galicia, a través do ISSGA, en colaboración co Fundación Internacional ORP. Celebrado os días 16 e 17 de setembro en Santiago de Compostela.
- No marco de colaboración co Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, a decana do COPG, Mª Rosa Álvarez Prada, participou na inauguración do Obradoiro Interprofesional, que tivo por finalidade recoller as principais necesidades destes ámbitos profesionais co obxectivo de deseñar actuacións conxuntas. A coordinadora da Comisión Intersectorial de Psicoloxía e Deporte, Mª Dolores González Fernández, participou na mesa final e conclusións. Celebrado en Santiago de Compostela o 25 de setembro.
- A coordinadora do Grupo de Tráfico e da Seguridade, Eva Muíño Gómez, xunto con Diego Antelo Guerra, membro da Comisión Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade, participaron na primeira reunión do Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2022-2025 o 27 de setembro.
- A decana, Mª Rosa Álvarez Prada, asistiu a XIII Edición dos Premios Solidarios ONCE Galicia para por en valor ás persoas que conviven con limitacións e adversidade. Celebrado o 30 de setembro na Coruña.
- O membro do Grupo de Traballo de Psicoloxía do Envellecemento do Colexio, Arturo Xosé Pereiro Rozas, participou como relator nas II Xornadas de Traballo Atención sociosanitaria ás persoas maiores, celebradas en Lugo os días 1 e 2 de outubro.
- A decana, Mª Rosa Álvarez Prada, asistiu xunto co vicedecano, Hipólito Puente Carracedo, ao encontro do Colexio de Médicos da Provincia da Coruña, no que fixo entrega das distintas medallas aos/as colexiados/as, celebrado en Santiago de Compostela o 2 de outubro.
- A decana, Mª Rosa Álvarez Prada, acudiu á reunión do Pleno do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela, do que forma parte representando a Unión Profesional de Galicia, celebrada no Centro de Estudos Avanzados (CEA), o día 14 de outubro.
- A presidenta da Sección de Intervención Social, Mª Leonor Galiana Caballero, participou na xuntanza do pleno do Consello Galego de Benestar Social celebrada de xeito telemático o 19 de outubro.
- O vicedecano e coordinador na nosa Comunidade do Proxecto PsiCe “Intervención Psicolóxica en contextos educativos” para o tratamento transdiagnóstico dos trastornos emocionais en adolescentes, Hipólito

Puente Carracedo, asistiu a unha xuntanza telemática coa coordinadora do Proxecto PsiCe do Consejo General de la Psicología, para a avaliación entorno ao estudo o 20 de outubro.

- Mª Rosa Álvarez Prada, decana do COPG, participou nas Xornadas Anuais SEPCyS “Psicología Clínica de la Salud en el siglo XXI: apostando por la prevención, innovación y la excelencia en la psicología”, en Salamanca os días 22 e 23 de outubro.
- A presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social, Mª Leonor Galiana Caballero, participou na xornadas de saúde mental e persoas en situación sen fogar, organizada polo Concello de Ferrol e celebrada o 26 de outubro.
- A decana do COPG, Mª Rosa Álvarez Prada, en representación do Consejo General de la Psicología ao Consello Social Penitenciario do Centro de Inserción Social da Coruña do Ministerio do Interior o 27 de outubro na Coruña.
- A coordinadora da Comisión Intersectorial de Psicoloxía do Deporte, Mª Dolores González Fernández, asistiu a unha xuntanza co Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e Ciencias da Actividade Física e do Deporte de Galicia o 4 de novembro.
- A decana, Mª Rosa Álvarez Prada, asistiu ao acto do 25º Aniversario da Fundación Meniños na Coruña o 12 de novembro.
- A decana, Mª Rosa Álvarez Prada, asistiu á reunión do Pleno do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela, do que forma parte representando a Unión Profesional de Galicia, o día 16 de novembro en Santiago de Compostela.
- Mª Rosa Álvarez Prada, decana do COPG, xunto co vicedecano, Hipólito Puente Carracedo, asistiron a unha xuntanza co secretario xeral de Educación e Formación Profesional, José Luis Mira Lema, para abordar o proxecto nacional PsiCE, que persegue previr os problemas emocionais nos contextos educativos, celebrada en Santiago de Compostela o 16 de novembro.
- A vicesecretaria do COPG, Alejandra Isabel Fernández Rodríguez, asistiu en representación do Consejo General de la Psicología, ao acto de entrega do Premio de Excelencia Química 2021, que tivo lugar en Vigo o 19 de novembro.
- A terapeuta do PAPMVX, Ana Pena Pereira, participou nun faladoiro do Concello das Pontes (A Coruña), baixo o título “Violencia de xénero e sociedade” para conmemorar o Día Internacional para a eliminación da Violencia contra a Muller 25N, o 24 de novembro.
- A decana, Mª Rosa Álvarez Prada, acudiu ao Acto Institucional do 25N, Día Internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres, organizada pola Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero, celebrada en Madrid o 24 de novembro.
- A coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do Colexio, Ana Mª Núñez Rubines, participou no acto de entrega das medallas ao mérito e os distintivos de permanencia de Protección Civil de Galicia 2020/2021 celebrada na AGASP o 28 de novembro.
- O representante do COPG na Plataforma SOS Sanidade Pública, Eduardo Martínez Lamosa, participou na xuntanza celebrada o 2 de decembro.

- A presidenta da Sección de Intervención Social, Mª Leonor Galiana Caballero, participou na xuntanza do pleno do Consello Galego de Benestar Social celebrada o 3 de decembro.
- A decana, Mª Rosa Álvarez Prada, asistiu a apertura oficial da Xornada de prevención das adiccións, organizada pola Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela e celebrada o día 3 de decembro.
- A coordinadora do Grupo de Tráfico e da Seguridade, Eva Muíño Gómez, xunto con Diego Antelo Guerra, membro da Comisión Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade, participaron na segunda reunión do Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2022-2025 o 14 de decembro
- A coordinadora da Comisión Intersectorial de Psicoloxía do Deporte, Mª Dolores González Fernández, asistiu a unha xuntanza telemática coa Comisión Galega de Control da Violencia da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia o 20 de decembro.

# 16. RELACIÓNS E COLABORACIÓNS INSTITUCIONAIS




Sinatura do convenio

## CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

- A decana do COPG, Mª Rosa Álvarez Prada:
  - Acudiu á sinatura do convenio para a posta en marcha da Quenda de Garda Psicolóxica, especializada e permanente, para mulleres e os seus fillos e fillas menores que sofren violencia de xénero, que mantén o Colexio en colaboración coa Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, coa Conselleira de Emprego e Igualdade, Mª Jesús Lorenzana Somoza, o 4 de maio na sede colexial.

## CONSELLERÍA DE SANIDADE DA XUNTA DE GALICIA

- A decana do COPG, Mª Rosa Álvarez Prada:
  - O día 16 de marzo, coa Axencia de Coñecemento en Saúde (ACIS) da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, asinouse un convenio de colaboración para a organización dun ciclo de conferencias dirixido aos e ás profesionais do Servizo Galego de Saúde (SERGAS), co obxectivo de coidar do seu benestar emocional.
  - José Eduardo Rodríguez Otero, presidente da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG, participou nunha xuntanza online coa Xefa de Servizo de Saúde Mental do SERGAS, María Tajes, que tiña por obxectivo abordar o Plan de Apoio Psicosocial ao persoal do Servizo Galego de Saúde, celebrada o 5 de maio.

## CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA

- A decana do COPG, Mª Rosa Álvarez Prada:
  - Asistiu xunto co vicedecano do COPG, Hipólito Puente Carracedo, a unha xuntanza presencial coa subdirectora xeral de Innovación, Orientación e Formación de Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, Mª Eugenia Pérez Fernández, para abordar cuestións de interese común entre ambas institucións, celebrada en Santiago de Compostela o 11 de maio.

## UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

### CONSELLO SOCIAL

A decana do COPG, Mª Rosa Álvarez Prada, asistiu ás reunións telemáticas do Pleno do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela, do que forma parte representando a Unión Profesional de Galicia o día 12 de marzo, 7 de maio, 30 de xuño de 29 de xullo.

## CONCELLO DE A CORUÑA

A suplente no Consello Sectorial de Inclusión Social da Concellería de Igualdade, Benestar Social e participación Cidadá do Concello de A Coruña, Mª Leonor Galiana Caballero, acudiu en representación do COPG á sesión extraordinaria celebrada na Coruña o 18 de maio.

## COLEXIO OFICIAL DE MÉDICOS DE A CORUÑA

A decana do COPG, Mª Rosa Álvarez Prada, asistiu, xunto co resto de colexios profesionais convidados a unha xuntanza na sede colexial do Colexio Oficial de Médicos da Coruña para a constitución de Unión Profesional Sanitaria de Galicia celebrada o 27 de abril.

## COLEXIO OFICIAL DE LICENCIADOS EN EDUCACIÓN FÍSICA E CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE DE GALICIA

- A decana do COPG, Mª Rosa Álvarez Prada, asistiu a unha xuntanza telemática co presidente do Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e Ciencias da Actividade Física e do Deporte de Galicia (COLEF Galicia), Henrique Xoán Rodríguez Pantín, para abordar liñas de colaboración entre ambos eidos profesionais, celebrada o 13 de xullo.
- A coordinadora da Comisión Intersectorial de Psicoloxía do Deporte do COPG, Mª Dolores González Fernández, asistiu a unha xuntanza co xerente do Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e Ciencias da Actividade Física e do Deporte de Galicia, para abordar as conclusións do obradoiro interprofesional celebrada en modalidade online o 4 de novembro.

## FUNDACIÓN SALMA GALICIA

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia colaborouse coa Fundación Salma Galicia, Fundación para o coidado da saúde mental en Galicia, na recollida de sinaturas para a ILP para unha Lei de Saúde Mental na nosa Comunidade. Facilitouse asinar na sede do COPG para apoiar esta iniciativa lexislativa popular, que foi admitida a trámite no Parlamento de Galicia ata o 30 de decembro.

## ESTATUTOS DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

Desde o 22 de marzo de 2021 e tras a publicación no Diario Oficial de Galicia do *Decreto 46/2021, de 4 de marzo,* están en vigor os novos Estatutos do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, co que culmina o proceso de modificación dos últimos dous anos que facilita ter un marco normativo acorde coas esixencias legais actuais, especialmente no relativo á administración electrónica.

## RECURSOS, ALEGACIÓNS E ACHEGAS INTERPOSTOS POLO COPG

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia interpuxo as seguintes alegacións e recursos:

- Alegacións á Xerencia da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras e tamén á Xerencia Sanitaria de Coruña e Cee, en relación ás dificultades atopadas na posta en marcha do vixente Plan de Saúde Mental de Galicia Post Covid-19 do período 2020-2024 nas áreas citadas.
- A raíz do recurso de reposición que o COPG presentou contra as bases da convocatoria para o nomeamento dun/dunha psicólogo/a clínico/a para a Unidade Asistencial de Drogodependencias (UAD) do Concello de O Grove, resolveron catalogar o posto de psicólogo/a clínico/a da UAD na categoría A1 atendendo ás funcións e responsabilidades deste/a profesional, tal e como se requiría.
- Dentro da estratexia de vacinación da Covid-19, por requirimento do SERGAS, o 15 de xaneiro desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia proporcionóuselle á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia os datos das persoas colexiadas que cumprimentaron o formulario e exercían a profesión sanitaria ou clínica, en centros sanitarios privados.
- O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia trasladoulle ao presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijoo, as diversas demandas recibidas por parte de varios concellos galegos para a posta en marcha de servizos de atención psicolóxica no ámbito municipal, xa que perciben con preocupación un sensible incremento do malestar e dos problemas de saúde mental. Instouse á Xunta de Galicia a apostar pola figura do psicólogo ou psicóloga dento dos equipos multidisciplinares dos servizos sociais comunitarios. Tamén se lle instou a incorporar a profesionais das unidades de Saúde Mental do SERGAS dentro do Comité Clínico que asesora ao goberno galego na materia da COVID, dado que como experto na conduta humana pode contribuír moito na toma de decisións e especialmente, no traslado e comunicación á cidadanía.
- Achegas ao Decreto de ordenación da Formación Sanitaria Especializada.
- Reclamación ante a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia solicitando que se incorpore á Comisión de Garantía e Avaliación da Eutanasia da Comunidade Autónoma de Galicia a figura do ou da especialista en Psicoloxía Clínica.
- Reclamación á Consellería de Educación da Xunta de Galicia para que se considere que as persoas licenciadas en psicoloxía con anterioridade ao 1 de outubro de 2009 non se lle sexa esixible a acreditación de ter superado o Mestrado Universitario en Profesorado.

- Escrito á Xerencia e a Dirección Asistencial da Área Sanitaria da Coruña en relación coa atención á poboación Infanto-Xuvenil da devandita área sanitaria.
- Reclamación ante o Concello de Ferrol en relación coa designación dun profesional da psicoloxía como responsable do contrato do servizo de axuda a domicilio municipal.
- Alegacións ante a Universidade de Vigo para que se recoñeza como titulación o Grao ou a Licenciatura en Psicoloxía para proveer unha praza de psicobioloxía.
- Recurso de alzada ante a Xunta de Galicia polo proceso selectivo ingreso para facultativo superior en Servizos Sociais da Xunta de Galicia.
- Recurso de reposición ante o Concello de Ortigueira en relación coas bases e convocatoria de proceso selectivo para a contratación do persoal docente do obradoiro dual de emprego Terras de Ortegal.
- Recurso de reposición ao Concello de Fene contra as bases de selección para a formación de dúas listas de aspirantes para cubrir como funcionario/a interino/a ou persoal laboral temporal cunha categoría equivalente de prazas de Psicólogo/a e/ou Técnico/a de intervención familiar, par que faga constar a Licenciatura ou Grao en Psicoloxía como titulación necesaria.
- Preséntanse alegacións a final de ano ao Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2021/2025 solicitando máis intervencións dos/as profesionais da Psicoloxía en sensibilización, prevención/formación e programas de concienciación, así como de intervención coas vítimas de condutores/as con medo a conducir.

# 17. O COPG E O CONSEJO GENERAL DE LA PSICOLOGÍA DE ESPAÑA

**Reunións da Junta General do Consejo General de la Psicología**

Datas: 17 e 18 de decembro.

Representante: Mª Rosa Álvarez Prada, *decana do COPG.*

**Reunións da Junta de Gobierno do Consejo General de la Psicología**

Datas: 24 de abril, 26 de xuño, 23 de novembro, 17 e 18 de novembro.

Representante: Mª Rosa Álvarez Prada, *decana do COPG.*

**Reunión Comisión Deontolóxica**

Data: 16 de outubro.

Representante: Luis Carlos Álvarez García, *presidente da Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG*.

**Área de Psicoloxía da Intervención Social**

Data: 26 de novembro.

Representante: Mª Leonor Galiana Caballero, *vicepresidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG.*

**División de Psicoloxía da Actividade Física e Deporte (PACFD)**

Data: 1 de outubro e 17 de decembro.

Representante: Mª Dolores González Fernández, *coordinadora da Comisión Intersectorial de Psicoloxía do Deporte do COPG*.

**División de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e Recursos Humanos (PTORH)**

Data: 7 de abril.

Representante: Carlos Montes Piñeiro, *presidente da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do COPG.*

**Grupo de Traballo de Psicoloxía da Intervención en Emerxencias e Catástrofes**

Data: 5 de novembro.

Representante: Ana Mª Núñez Rubines, *coordinadora do Grupo de Traballo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias do COPG.*

### Reunión do Grupo de Traballo de Psicoloxía do Envellecemento

Data: 28 de abril.

Representante: Guadalupe Oroña Quintáns, *coordinadora do Grupo de Traballo de Psicoloxía do Envellecemento da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG.*

### Revista *Infocop*

O vogal da Xunta de Goberno do COPG, José Manuel Oreiro Blanco, é o correspondente en Galicia.

### Revista *Papeles del Psicólogo*

Carlos Montes Piñeiro, presidente da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións, forma parte do consello editorial da revista *Papeles del Psicólogo*.

# 18. PUBLICACIÓNS










## CIRCULAR INFORMATIVA

Con motivo da Covid-19 publicáronse 3 números 284, 285 e 286.
https://copgalicia.gal/arquivo/publicacions-do-copg/circular

A Circular Informativa do COPG, de edición bimestral, inclúe regularmente os seguintes apartados:

- Editorial
- Información xeral
- Información das Seccións, das Comisións e Grupos de Traballo
- Información sobre cursos, xornadas e congresos
- Últimas colexiadas e colexiados de Galicia
- Avisos




## MEMORIA DE ACTIVIDADES DO EXERCICIO 2020

Aprobada na Asemblea Xeral Extraordinaria de Colexiados e Colexiadas do COPG de 30 de marzo de 2021.

## CADERNOS DE PSICOLOXÍA

**Consello de Redacción**

José Manuel Oreiro Blanco
*Director*

Carlos Montes Piñeiro
*Subdirector*

Mª Elena Rodríguez Borrajo
*Representante da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións*




Mª Jesús López Cernadas (Ata o 24/11/2021)
Mª Leonor Galiana Caballero (Desde o 24/11/2021)
*Representante da Sección de Psicoloxía da Intervención Social*

Alba Fernández Revaldería (Ata o 24/11/2021)
Carolina Sanmartino Arias (Desde 24/11/2021)
*Representante da Sección de Psicoloxía e Saúde*

Milagros Martínez García
*Representante da Sección de Psicoloxía Xurídica*

Mª Begoña Castro Iglesias
*Representante da Sección de Psicoloxía Educativa*

Socorro Rodríguez Holguín
*Vogal da Xunta de Goberno*

## OUTRAS

Recibiuse o libro *As profesións ante a COVID-19* elaborado desde Unión Profesional de Galicia coas achegas que os colexios profesionais, integrantes desta institución, fixemos chegar para a reconstrución (sanitaria, social e económica) de Galicia ante a Covid19. Ver documento: http://www.union-profesionaldegalicia.org/documents/Libro_UPdeG_COVID19_ga.pdf



## PÁXINA WEB

**https://copgalicia.gal**

A páxina web do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia trata de ser atractiva, dinámica e funcional e, por tanto, está sempre en proceso de posibles cambios para mellorar, non só a presentación, senón tamén os contidos e o dinamismo co que se pode acceder aos mesmos.

## SEDE ELECTRÓNICA




O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia puxo en funcionamento en 2021 a súa sede electrónica. Un sistema seguro e que substituirá para quen así o elixa, a notificación en papel ou por correo electrónico. Ademais está dispoñible a solicitude de certificados dixitais con atribución profesional, emitidos polo COPG, que está de alta como Autoridade de Rexistro. Este certificado dixital recoñece ao/á profesional como psicólogo colexiado ou colexiada diante de calquera administración pública ou outra entidade, e poderá ser empregado para todos os trámites profesionais, desde o seu posto de traballo, sen ter que empregar o certificado persoal.

https://sede.copgalicia.gal/eAdmin/Sede.do)

# 19. MEDIOS DE COMUNICACIÓN

Durante este ano puxéronse en contacto co Colexio desde diferentes medios de comunicación para participar e opinar en diferentes reportaxes e artigo.

No referente ás relacións cos medios de comunicación, difundíronse máis de 13 notas de prensa e comunicados, se ben se incrementou notablemente a demanda de medios de comunicación para a participación de profesionais de psicoloxía en calidade de fontes expertas. Xestionáronse máis de 200 solicitudes en 2021, especialmente protagonizadas polo impacto psicolóxico da pandemia.

# 20. SERVIZOS COLEXIAIS

## EQUIPO DO COPG

*Coordinación e comunicación*
Eliana Martíns Alvela

*Equipo administrativo*
Eva Blanco Ferreira, *administrativa*
Mónica Figueira Rial, *administrativa*
Rosana Lorenzo Rivadulla, *administrativa*
Raquel Martínez Mosquera, *administrativa*
Margarita Rey Fernández, *auxiliar administrativa (ata o 14 de xuño)*
Alicia Rodríguez Pedrares, *administrativa*
Mª Teresa Santamónica Fernández, *administrativa*
Paula Veiga Tarrío, *auxiliar administrativa (desde o 24 de xuño)*

## REXISTRO DE PSICÓLOGOS E PSICÓLOGAS ESPECIALISTAS EN PSICOLOXÍA CLÍNICA

O COPG dispón dun rexistro de psicólogos e psicólogas especialistas en Psicoloxía Clínica para dar cumprimento ao estipulado no Real Decreto que crea e regula a Especialidade de Psicoloxía Clínica (R.D. 2490/1998 do 20 de novembro) e da Lei de Ordenación das Profesións Sanitarias (Lei 44/2003 de 21 de novembro).

## REXISTRO DE SOCIEDADES PROFESIONAIS DO COPG

Coa entrada en vigor en 2007 da Lei 2/2007 de Sociedades Profesionais (BOE nº 65 de 16 de marzo de 2007), o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia creou en marzo de 2008 o Rexistro de Sociedades Profesionais e aprobou o seu regulamento de funcionamento.

A 31 de decembro de 2020 figuran 22 sociedades profesionais inscritas no Rexistro de Sociedades Profesionais do COPG, das cales 16 son de psicoloxía e 6 son multidisciplinares.

## PRÉSTAMO DE MATERIAL DE AVALIACIÓN PSICOLÓXICA

O Colexio Oficial de Psicoloxía ofrece un servizo de préstamo de material de avaliación psicolóxica para as colexiadas e colexiados.

## ASESORÍAS

Servizo gratuíto de consulta para colexiados e colexiadas.

- Servizo de Asesoría Xurídica desempeñado pola avogada Cecilia Barros Díaz. O número de consultas atendidas foi de 981.
- Servizo de Asesoría Fiscal desempeñado polo economista José Luís Iglesias Sexto. O número de consultas atendidas foi de 73.
- Servizo de Asesoría Laboral desempeñado polo economista José Luís Iglesias Sexto. O número de consultas atendidas foi de 72.
- Servizo de Asesoría para consultas varias desempeñado polo economista José Luis Iglesias Sexto. O número de consultas atendidas foi de 46.

## SERVIZO DE INFORMACIÓN LABORAL

Información na páxina web do COPG sobre ofertas de emprego para profesionais da psicoloxía.

## FONDO DOCUMENTAL / BIBLIOTECA

Servizo de Biblioteca e Fondo Documental na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela para o acceso dos colexiados e colexiadas do COPG aos fondos documentais da Facultade.

## OUTROS SERVIZOS:

### CORREDURÍA DE SEGUROS BROKER’S 88 S. A.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Correduría de Seguros Broker's 88 S.A. asinaron un acordo de colaboración para dar servizo, na área de seguros aos seus colexiados e colexiadas, coas mellores e máis solventes compañías, con prezos e condicións especiais para psicólogas e psicólogos colexiados:

- **Póliza de seguro de responsabilidade civil**
  A Xunta de Goberno do COPG acordou con Broker’s 88 unha póliza colectiva de seguro de responsabilidade civil profesional coa compañía de seguros Zürich nunhas condicións moi especiais para os colexiados e colexiadas.
- **Seguro de asistencia sanitaria** ASISA
  A Correduría de Seguros Broker's acordou coa compañía de seguros sanitarios ASISA unha póliza de saúde en condicións preferentes para os colexiados e colexiadas do COPG.
- **Seguro de hospitalización** COVID
  A Correduría Brokers 88 desenvolveron un seguro para dar resposta á nova necesidade de protección frente a COVID-19. Trátase dun seguro que se dirixe a protexer a colectivos de persoas especificamente fronte ao risco do coronavirus.

## SEGURO COLECTIVO DE VIDA / ACCIDENTES MAPFRE

- **Mapfre Vida** e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia chegaron a un acordo que permitirá aos colexiados e colexiadas do mesmo a contratación dunha póliza seguro de vida.
- **Seguro de asistencia sanitaria Mapfre / Caja Salud**
  O COPG acordou con Mapfre / Caja Salud unha oferta de seguro de asistencia sanitaria para os colexiados e colexiadas e as súas familias

## SEGURO CASER SAÚDE INTEGRAL

O COPG acordou con Caser Seguros unha oferta de seguro de asistencia para os/as colexiados/as e as súas familias.

## CONSULTORÍA EN PROTECCIÓN DE DATOS

O COPG ten asinado un convenio coa empresa Protexdat, de Santiago de Compostela, polo que se ofrece aos colexiados e colexiadas os servizos de consultoría en protección de datos de carácter persoal contemplando tarifas especiais.

## TUSCASASRURALES.COM

TusCasasRurales.com é un portal dedicado aos aloxamentos rurais por toda España. Os aloxamentos rurais adheridos a este acordo aplicarán un 10% de desconto aos colexiados e colexiadas do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

# 21. BALANCES ECONÓMICOS

## INFORME DE AUDITORÍA DE CONTAS ANUAIS ABREVIADAS EMITIDO POR UN AUDITOR INDEPENDENTE

Ós membros da Asemblea Xeral do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

### Opinión

Auditei as contas anuais abreviadas adxuntas do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, que comprenden o balance abreviado a 31 de decembro de 2021, a conta de perdas e ganancias abreviada, e a memoria abreviada correspondentes ao exercicio anual rematado en dita data.

Na miña opinión, as contas anuais adxuntas expresan, en todos os aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia a 31 de decembro de 2021, así como dos seus resultados correspondentes ao exercicio anual rematado na devandita data, de conformidade co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación e, en particular, cos principios e criterios contables contidos neste.

### Fundamento da opinión

Levamos a cabo a nosa auditoría de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixente en España. A nosa responsabilidade dacordo coas devanditas normas descríbese máis adiante, na sección *Responsabilidade do auditor en relación coa auditoría de contas anuais* do informe.

Somos independentes da entidade de conformidade cos requerimentos de ética, incluidos os de independencia, que son aplicables á nosa auditoría das contas anuais en España segundo o esixido pola normativa reguladora da actividade de auditoría de contas. Neste sentido non prestamos servizos distintos ós de auditoría de contas nin concurriron situacións ou circunstancias que, de acordo co establecido na citada norma reguladora, afectasen á necesaria independencia, de modo que se vise comprometida.

Considero que a evidencia de auditoría que obtivemos proporciona una base suficiente e adecuada para a nosa opinión.

*Juan Jesús Gómez Capeáns. NIF 33.186.245M. C/ Rosalía de Castro 44b, 1ºA. 15701 Santiago de Compostela. MEMBRO do ROAC con NUMERO 7197*

DATA DE SINATURA: 13/07/2022
HASH DO CERTIFICADO: E16128B21DEFE734AAFB4285D008E8B0B0B4A629
POSTO: Selo de Órgano
NOME: Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

### Aspectos máis relevantes da auditoría

Os aspectos máis relevantes na auditoría son aqueles que, según o noso xuízo profesional, foron considerados como riscos de incorrección material máis significativos na auditoría de contas anuais do periodo actual. Estes riscos foron tratados no contexto da auditoría de contas anuais no seu conxunto, e na formación da nosa opinión sobre estas, e non expresamos unha opinión por separado sobre estes riscos.

Determinamos que non existen riscos máis significativos considerados na auditoría que se deban comunicar no informe.

### Responsabilidade do Órgano de Xestión relativo ás contas anuais

O Órgano de Xestión do Colexio é o responsable da formulación das contas anuais adxuntas, de xeito que expresen a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, de conformidade co marco normativo de información financeira aplicable á entidade en España, que se identifica na nota 2 da memoria adxunta, e do control interno que consideren necesario para permitir a preparación de contas anuais libres de incorrección material, debida a fraude ou erro.

Na presentación das contas anuais, o Órgano de Xestión é o responsable da valoración da capacidade da entidade de continuar como empresa en funcionamento, revelando segundo corresponda, as cuestións relacionadas coa empresa en funcionamento e empregando o principio contable de empresa en funcionamento excepto se dito órgano ten intención de liquidar a entidade ou cesar as súas operacións, ou ben cando non exista outra alternativa realista.

### Responsabilidade do auditor en relación coa auditoría das contas anuais

Os nosos obxetivos son obter unha seguridade razoable de que as contas anuais no seu conxunto están libres de incorrección material, debido a fraude ou erro, e emitir un informe de auditoría que conteña a nosa opinión. Seguridade razoable é un alto grado de seguridade, pero non garantiza que unha auditoría realizada de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría vixente en España sempre detecte unha incorrección material cando exista. As incorreccións poden deberse a fraude ou erro e considéranse materiais se, individualmente ou de forma agregada, pode preverse razoablemente que inflúan nas decisións económicas que os usuarios tomen baseándose nas contas anuais.

*Juan Jesús Gómez Capeáns. NIF 33.186.245M. C/ Rosalía de Castro 44b, 1ºA. 15701 Santiago de Compostela. MEMBRO do ROAC con NUMERO 7197*

DATA DE SINATURA: 13/07/2022
HASH DO CERTIFICADO: E16128B21DEFE734AAFB4285D008E8B0B0B4A629
POSTO: Selo de Órgano
NOME: Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

Como parte da auditoría de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas de España, aplicamos o noso xuízo profesional e mantemos unha actitude de escepticismo profesional durante toda a auditoría.

Tamén:

- Identificamos e valoramos o risco de incorrección material nas contas anuais debida a fraude ou erro, deseñamos e aplicamos procedementos de auditoría para dar resposta a ditos riscos e obtivemos evidencia de auditoría suficiente e adecuada para proporcionar unha base para a nosa opinión. O risco de non detectar unha incorrección material debida a fraude é máis elevado que no caso dunha incorrección material debida a un erro, xa que o fraude pode implicar colusión, falsificación, omisións deliberadas, manifestacións intencionadamente erróneas ou a elusión do control interno.
- Obtivemos coñecemento do control interno relevante para a auditoría co fin de deseñar procedementos de auditoría que sexan adecuados en función das circunstancias, e non coa finalidade de expresar unha opinión sobre a eficacia do control interno da entidade.
- Evaluamos se as políticas contables aplicadas son adecuadas, e a razoabilidade das estimacións contables e a correspondente información revelada polo Órgano de Xestión.
- Concluímos sobre se é adecuada a utilización, polo Órgano de Xestión, do principio contable de empresa en funcionamento e, baseándonos na evidencia de auditoría obtida, concluimos sobre se existe ou non unha incertidume material relacionada con feitos ou con condicións que poden xerar dudas significativas sobre a capacidade da entidade para continuar como empresa en funcionamento. Se concluimos que existe unha incertidume material, requírese que chamemos a atención no noso informe de auditoría sobre a correspondente información revelada nas contas anuais, ou se ditas revelacións non son adecuadas, que expresemos unha opinión modificada. As nosas conclusións baséanse na evidencia de auditoría obtida ata a data do noso informe de auditoría. Sen embargo, feitos ou condicións futuros poden ser causa de que a entidade deixe de ser unha empresa en funcionamento.
- Evaluamos a presentación global, a estructura e o contido das contas anuais e das súas notas explicativas, e se as contas anuais representan as transaccións e feitos subxacentes dun modo que logran expresar a imaxe fiel.

Comunicámonos co Órgano de Xestión da entidade en relación con, entre outras cuestións, o alcance e o momento de realización da auditoría planificados e os achados significativos da auditoría, así como calquera deficiencia significativa do control interno que identificamos no transcurso da auditoría.

*Juan Jesús Gómez Capeáns. NIF 33.186.245M. C/ Rosalía de Castro 44b, 1ºA. 15701 Santiago de Compostela. MEMBRO do ROAC con NUMERO 7197*

DATA DE SINATURA: 13/07/2022
HASH DO CERTIFICADO: E16128B21DEFE734AAFB4285D008E8B0B0B4A629
POSTO: Selo de Órgano
NOME: Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

Entre os riscos significativos que foron obxecto de comunicación ó Órgano de Xestión da entidade, determinamos os que foron de maior significatividade na auditoría das contas anuais do periodo actual e que son, en consecuencia, os riscos considerados máis significativos.

Describimos os riscos no noso informe de auditoría salvo que as disposicións legais ou reglamentarias prohíban revelar públicamente a cuestión.

En Santiago de Compostela, a 27 de xuño de 2022.

JUAN JESUS GOMEZ CAPEANS

AUDITOR DE CONTAS. MEMBRO ROAC 7197

*Juan Jesús Gómez Capeáns. NIF 33.186.245M. C/ Rosalía de Castro 44b, 1ºA. 15701 Santiago de Compostela. MEMBRO do ROAC con NUMERO 7197*

DATA DE SINATURA: 13/07/2022 HASH DO CERTIFICADO: E16128B21DEFE734AAFB4285D008E8B0B0B4A629
POSTO: Selo de Órgano
NOME: Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

# RETRIBUCIÓNS ANUAIS DA XUNTA DE GOBERNO DO COPG

| | |
|---|---|
| **Mª Rosa Álvarez Prada** | |
| Asignación decanato | 27.696,00 € |
| Asistencia a reunións | 3.398,01 € |
| **Hipólito Puente Carracedo** | |
| Asistencia a reunións | 3.384,69 € |
| **Miguel A. Chouza Ponte** | |
| Asistencia a reunións | 2.983,73 € |
| **Ana Isabel Martínez Arranz** | |
| Asistencia a reunións | 3.278,00 € |
| **Alejandra Isabel Fernández Rodríguez** | |
| Asistencia a reunións | 3.096,36 € |
| **Mª Carmen González Pais** | |
| Asistencia a reunións | 1.239,37 € |
| **José M. Oreiro Blanco** | |
| Asistencia a reunións | 1.126,70 € |
| **Fátima López Rodríguez** | |
| Asistencia a reunións | 1.126,70 € |
| **Evangelina Muíño Gómez** | |
| Asistencia a reunións | 450,68 € |
| **Marina Ortega Otero** | |
| Asistencia a reunións | 0,00 € |
| **Socorro Rodríguez Holguín** | |
| Asistencia a reunións | 0,00 € |
| **Mª Concepción Rodríguez Pérez** | |
| Asistencia a reunións | 901,36 € |
| **Víctor M. Torrado Oubiña** | |
| Asistencia a reunións | 901,36 € |

# BALANCE DE SITUACIÓN DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA, EXERCICIO 2021

| | Títulos de Contas e Grupo | Importe |
|---|---|---|
| | **ACTIVO** | |
| | **Inmobilizado** | **309.563,28** |
| | **Intanxible** | |
| 2030 | Patentes e marcas | 1.369,72 |
| 2060 | Aplicacións informáticas | 152.513,35 |
| 2800 | Amortización inmobilizado intanxible | -139.837,56 |
| | **Material** | |
| 2110 | Construcións | 245.683,64 |
| 2120 | Instalacións técnicas | 204.487,57 |
| 2160 | Mobiliario | 112.220,06 |
| 2170 | Equipos de proceso de datos | 36.608,06 |
| 2810 | Amortización inmonilizado material | -303.481,56 |
| | **Circulante** | **595.225,26** |
| | **Debedores** | |
| 4360 | Cotas devoltas | 22.867,50 |
| 4361 | Facturas dubidoso cobro | 1.931,89 |
| 4400 | SECOP Debedora | 47,45 |
| 4409 | Facturas pendentes de formalizar | 10.391,16 |
| 4410 | Cotas inscrición aprazadas | 1.080,69 |
| 4415 | Efectos impagados | 6.876,00 |
| 4720 | Facenda pública, deudora por IVE | 71,15 |
| 4900 | Provisión para insolvencias | -24.799,39 |
| | **Contas financeiras** | |
| 5650 | Fianzas e depósitos constituídos | 20,00 |
| 5700 | Caixa | 595,14 |
| 5720 | Bancos | 565.065,79 |
| | **Axustes por periodificación** | |
| 4800 | Gastos anticipados | 11.077,88 |
| | **TOTAL ACTIVO** | **904.788,54** |

| | Títulos de Contas e Grupo | Importe |
|---|---|---|
| | **PASIVO** | |
| | **Fixo** | **787.237,94** |
| | **Fondos propios** | |
| 1130 | Fondo adquisición de local | 35.029,99 |
| 1200 | Remanente | 593.721,72 |
| 1290 | Perdas e ganancias | 131.553,87 |
| | **Subvencións oficiais** | |
| 1300 | Subvención Deputación A Coruña | 24.930,71 |
| | **Préstamos a Largo Prazo** | |
| 1700 | Préstamos de La Caixa para a dixitalización | 2.001,65 |
| | **Circulante** | **117.550,90** |
| | **Débedas a curto prazo** | |
| 4000 | Provedores | 14.898,84 |
| 4070 | Anticipos a proveedores | -1.097,36 |
| 4109 | Facturas pendentes de recibir | 18.497,60 |
| 4751 | Facenda Pública retencións practicadas | 54.327,76 |
| 4760 | Seguridade Social acredora | 5.632,91 |
| 5200 | Préstamos a curto prazo | 23.411,85 |
| | **Axustes por periodificación** | |
| 4850 | Ingresos anticipados | 1.879,30 |
| | **TOTAL PASIVO** | **904.788,84** |

# CONTA DE RESULTADOS DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA, EXERCICIO 2021

| | Títulos de Contas e Grupo | Importe |
|---|---|---|
| | **GASTOS** | |
| | **Gastos de estrutura** | **480.793,68** |
| 6210 | Arrendamentos | 1.230,00 |
| 6211 | Gastos de comunidade | 263,96 |
| 6220 | Reparacións e conservacións | 29.580,01 |
| 6230 | Servs. profesionais independentes | 16.620,41 |
| 6250 | Primas de seguro | 7.536,12 |
| 6260 | Servicios bancarios | 5.073,43 |
| 6270 | Publicidade e visualización da profesión | 6.255,50 |
| 6271 | Relacións públicas | 1.095,00 |
| 6280 | Subministracións | 22.983,86 |
| 6281 | Xurídicos e contenciosos | 1.466,25 |
| 6282 | Fotocopias | 1.598,83 |
| 6283 | Documentación e biblioteca | 1.017,25 |
| 6284 | Outros gastos diversos | 3.668,90 |
| 6290 | Empresas colaboradoras | 2.685,63 |
| 6298 | Contribucións ao Consejo General | 135.062,78 |
| 6310 | Impostos | 21.397,42 |
| 6400 | Persoal fixo | 179.376,74 |
| 6420 | Seguros Sociais | 39.511,53 |
| 6500 | Cotas colexiais devoltas | 1.120,00 |
| 6501 | Facturas dudoso cobro | 1.400,00 |
| 6690 | Gastos financeiros | 686,60 |
| 6710 | Perdas inmobilizado material | 9,08 |
| 6780 | Gastos extraordinarios | 1.154,38 |
| | **Gastos de actividades** | **499.642,06** |
| 6200 | Gastos de investigación e desenvolvemento | 293,18 |
| 6070 | Traballos realizados por outros profes. | 386.195,84 |
| 6291 | Actividades non retribuídas | 1.136,73 |
| 6292 | Beca Siota e Bolsas de formación | 1.545,59 |
| 6293 | Comisións | 19.033,94 |
| 6294 | Seccións | 31.289,80 |
| 6295 | Xunta de Goberno | 54.201,54 |
| 6296 | Cursos | 5.945,44 |
| | **Gastos de publicacións** | **560,94** |
| 6287 | Publicacións periódicas do COPG | 485,91 |
| 6288 | Outras publicacións editadas | 75,03 |
| | **Amortizacións e provisións** | **37.871,77** |
| 6800 | Amortización do inmobilizado | 25.807,38 |
| 6950 | Dotación provisión | 12.064,39 |
| | **TOTAL GASTOS** | **1.018.868,45** |
| | **RESULTADOS** | **131.553,87** |
| | **TOTAL** | **1.150.422,32** |

| | Títulos de Contas e Grupo | Importe |
|---|---|---|
| | **INGRESOS** | |
| | **Ingresos de cotas e servizos** | **705.805,10** |
| 7000 | Novos/as colexiados/as | 14.850,10 |
| 7010 | Outros/as colexiados/as | 690.955,00 |
| | **Ingresos de actividades** | **433.492,02** |
| 7400 | Subvencións | 399.482,71 |
| 7460 | Subvencións transferidas ao exercicio | 1.683,34 |
| 7590 | Cursos | 6.052,00 |
| 7595 | Servicios administrativos | 4.070,00 |
| 7598 | Outros ingresos | 1.652,89 |
| 7599 | Seccións | 20.551,08 |
| | **Outros ingresos** | **6.956,00** |
| 7780 | Ingresos extraordinarios | 6.956,00 |
| | **Amortizacións e provisións** | **4.169,20** |
| 7940 | Reversión da dotación da provisión | 4.169,20 |
| | **TOTAL** | **1.150.422,32** |

# ORZAMENTOS DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA, EXERCICIO 2022

| | Títulos de Contas e Grupo | Importe |
|---|---|---|
| | **GASTOS** | |
| | **Gastos de estructura** | **548.707,39** |
| 6210 | Arrendamentos | 1.408,44 |
| 6220 | Reparacións e conservacións | 25.838,97 |
| 6230 | Servs. profesionais independentes | 28.064,00 |
| 6250 | Primas de seguro | 8.160,00 |
| 6260 | Servizos bancarios | 6.500,00 |
| 6270 | Publicidade e visibilidade da profesión | 6.000,00 |
| 6271 | Relacións públicas | 1.500,00 |
| 6280 | Subministracións | 23.950,00 |
| 6281 | Xurídicos e Contenciosos | 5.000,00 |
| 6282 | Fotocopias | 2.000,00 |
| 6283 | Documentación e biblioteca | 3.000,00 |
| 6284 | Outros gastos diversos | 12.320,00 |
| 6290 | Empresas colaboradoras | 3.153,00 |
| 6298 | Contribucións ao Consejo General | 149.000,00 |
| 6310 | IVE e outros impostos | 26.300,00 |
| 6400 | Persoal fixo | 190.096,39 |
| 6420 | Seguros Sociais | 52.150,00 |
| 6480 | Formación do persoal | 1.200,00 |
| 6500 | Cotas colexiais devoltas | 1.000,00 |
| 6690 | Gastos financeiros | 1.066,59 |
| 6780 | Gastos extraordinarios | 1.000,00 |
| | **Gastos de actividades** | **511.951,00** |
| 6070 | Traballos realizados por outros profes. | 332.500,00 |
| 6291 | Actividades non retribuídas | 7.700,00 |
| 6292 | Investigacións e Bolsas de formación | 6.000,00 |
| 6293 | Comisións | 34.775,00 |
| 6294 | Seccións | 41.351,00 |
| 6295 | Xunta de Goberno | 69.625,00 |
| 6296 | Cursos | 20.000,00 |
| | **Gastos de publicacións** | **11.500,00** |
| 6287 | Publicacións periódicas do COPG | 4.500,00 |
| 6288 | Outras publicacións | 6.000,00 |
| 6289 | Outros gastos de publicacións | 1.000,00 |
| | **Amortizacións e provisións** | **34.399,04** |
| 6820 | Amortización do inmobilizado | 26.782,35 |
| 6295 | Dotación á provisión para insolvencias | 7.616,69 |
| | **TOTAL GASTOS** | **1.106.557,43** |
| | **RESULTADOS** | **0,00** |
| | **TOTAL** | **1.106.557,43** |

| | Títulos de Contas e Grupo | Importe |
|---|---|---|
| | **INGRESOS** | |
| | **Ingresos de cotas e servizos** | **707.670,00** |
| 7000 | Novos/as colexiados/as | 9.000,00 |
| 7010 | Outros/as colexiados/as | 698.670,00 |
| | **Ingresos de actividades** | **393.887,43** |
| 7400 | Subvencións | 350.000,00 |
| 7460 | Subvencións exercicios anteriores | 1.517,43 |
| 7590 | Cursos e Congresos | 20.000,00 |
| 7595 | Servizos administrativos | 4.000,00 |
| 7598 | Outros ingresos | 1.000,00 |
| 7599 | Seccións | 17.370,00 |
| | **Outros ingresos** | **3.500,00** |
| 7780 | Ingresos extraordinarios | 3.500,00 |
| | **Amortizacións e provisións** | **1.500,00** |
| 7940 | Reversión da dotación da provisión | 1.500,00 |
| | **TOTAL INGRESOS** | **1.106.557,43** |

**MEMORIA DE ACTIVIDADES 2021**

Aprobada en Asemblea Xeral de Colexiadas e Colexiados
do 29 de marzo de 2022

Deseño gráfico: uqui.net

~~D.L.: C 903-2020~~

COPG

COLEXIO OFICIAL
DE PSICOLOXÍA DE GALICIA



Rúa da Espiñeira, 10 baixo
15706 Santiago de Compostela
Tel.: 981 53 40 49 / Fax: 981 53 49 83

copgalicia@copgalicia.gal
www.copgalicia.gal